

## ACTA

Da sesión **ordinaria**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

**29 de maio de 2026**

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas e tres minutos do día vinte e nove de maio de dous mil vinte e seis, baixo a presidencia do Ilmo. Sr. Presidente D. Luis López Diéguez (PP), reuníronse as/os Señoras/es deputadas/os electos D. Gregorio Luis Agís Gómez (PSdeG-PSOE), D. Roberto José Álvarez Carrero (PP), D<sup>a</sup>. Paula Bouzós Barros (PP), D<sup>a</sup>. Belén Cachafeiro Anta (PP), D. Juan Pablo Castillo Amigo (PP), D. Jorge Cubela López (PP), D. Rafael Domínguez Artime (PP), D. Paco Ferreira González (PSdeG-PSOE), D. Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), D. Carlos Gómez Prado (PSdeG-PSOE), D. Marcos Guisasola Padín (PP), D<sup>a</sup>. Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), D. Javier Iglesias Mougán (PSdeG-PSOE), D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), D. Ricardo Martínez Chantada (PP), D<sup>a</sup>. Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), D<sup>a</sup>. María Ortega Iñarrea (BNG), D<sup>a</sup>. María Pilar Ramallo Vázquez (PP), D<sup>a</sup>. Digna Rosa Rivas Gómez (PSdeG-PSOE), D<sup>a</sup>. María Manuela Rodríguez Pumar (BNG), D<sup>a</sup>. Nuria Rodríguez Rodríguez (PSdeG-PSOE), D<sup>a</sup>. Luisa Sánchez Méndez (PP), D. Javier Tourís Romero (PP), D. Jesús Vázquez Almuíña (PP), co obxecto de celebrar sesión ordinaria, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Non asiste D<sup>a</sup>. Beatriz Lomba Rodríguez (BNG).

Da fe do acto a Secretaria Acctal. D<sup>a</sup>. María Beatriz del Cerro del Río, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

As intervencións desta sesión quedarán recollidas no Diario de sesións (Vídeo actas), de acordo co disposto no artigo 29 do Regulamento Orgánico desta Deputación.



Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.8654.- **ACTA ANTERIOR**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/IIAnih45AUOtp5VX7fe675MNwk4qJ0mBefV19dOl3dxmoF8j>

Acórdase, por unanimidade, aprobar o borrador da acta da anterior sesión ordinaria do 24 de abril de 2026.

a) Parte resolutiva:

2.8655.- **APROBACIÓN DA SEGUNDA PRÓRROGA DO ACORDO MARCO QUE REGULA A CONTRATACIÓN DE OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN (EXPTES. 2026040776-2023036794)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/I46Jb0NihZqsIoY42s5mZdZtWHiCOjHnLzF1SZJg9Am5GND6>

Resultando.- Que o Pleno da Deputación de Pontevedra, en sesión celebrada o 31 de maio de 2024 acordou a adxudicación do “Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, ás seguintes empresas, de acordo co seguinte detalle:

| LOTE | EMPRESAS                       | PORCENTAXE BAIXA OFERTADO |
|------|--------------------------------|---------------------------|
| 1    | FRANCISCO GOMEZ Y CIA SL       | 8,87%                     |
| 2    | MOV. ARIDOS Y CONSTR. AROSA SL | 9,50%                     |
| 3    | CONSTRUCCIONES FECHI SLU       | 13,40%                    |
| 4    | CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, SA | 15,80%                    |
| 5    | CONSTRUCCIONES E C CASAS SL    | 11,10%                    |
| 6    | NAROM SL                       | 9,49%                     |



Resultando.- Que os contratos dos lotes 2, 3, 4 e 6 formalizáronse entre as partes o día 26 de xuño de 2024, e o do lote 1 e 5 formalizáronse posteriormente os días 4 de xullo e 28 de xuño respectivamente, cun período de vixencia de un (1) ano a contar dende a súa formalización.

Resultando.- Que o Pleno da Deputación de Pontevedra, en sesión celebrada o 30 de maio de 2025 acordou aprobar a primeira prórroga, por período dun ano, do “Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra”.

Resultando.- Que consta no expediente con (CSV: N8Z1DDCSPV89G8SL) informe emitido pola xefa dos Servizos Administrativos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais coa conformidade da Deputada Delegada desa área, solicitando que para acometer os traballos da campaña correspondentes á campaña de conservación de firmes, se prorrogue o “Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra” por un período de un ano.

Resultando.- Que no informe emitido pola xefa dos Servizos Administrativos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais tamén se recolle o seguinte: “(...) 1. Nivel de prestación satisfactorio, con inexistencia de incumprimentos por parte da contratista que xustifiquen, no seu caso, a improcedencia da prórroga: Os traballos levados a cabo polas empresas adxudicatarias dos diversos lotes resultaron satisfactorios ao longo do período do contrato, realizando todos os traballos recollidos cos respectivos contratos derivados en base ao PPT que rexe o contrato. 2. A prórroga proposta non supón a alteración das características do contrato, especialmente do prezo aprobado: Realizaranse os mesmos traballos e de acordo cos prezos unitarios recollidos no contrato relativos aos servizos de conservación ordinaria e vialidade nas estradas provinciais, polo que non supón alteración das características do contrato nin do prezo (...)”.

Resultando.- Que consta no expediente preaviso notificado ás empresas contratistas de cada lote (CSV: ZF0E2J3VGAIOJJSO), realizado coa antelación mínima esixida no artigo 29.2 da LCSP sendo polo tanto dita prórroga obrigatoria para os contratistas.

Resultando.- Que consta no expediente con (CSV: ONWLJXJNSQ57OWVI), informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, a Secretaría Xeral da Deputación e o Interventor, no que se recolle o seguinte: “...En atención ao exposto e, destacadamente, do informe dos/as responsables do contrato, infórmase favorablemente a proposta de segunda prórroga do “Acordo marco de obras de conservación



de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra” por un ano, con efectos para os lotes 2, 3, 4 e 6 desde o 26 de xuño de 2026, para o lote 5 desde o 28 de xuño de 2026 e para o lote 1 desde o 4 de xullo de 2026. O órgano que ostenta a competencia resolver a presente ampliación de prazo é o Pleno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 26/06/2026.

Resultando.- Segundo se recolle no PCAP, o Acordo marco terá unha duración dun ano, sendo o orzamento máximo estimado anual de 4.443.067,05 € (IVE engadido) distribuídos da seguinte forma:

| LOTE 1       | LOTE 2       | LOTE 3       | LOTE 4       | LOTE 5       | LOTE 6       |
|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|
| 649.959,09 € | 873.283,85 € | 636.339,15 € | 873.701,92 € | 724.767,48 € | 685.015,56 € |

Resultando.- Que pola Intervención emitíronse os seguintes documentos RC:

| LOTE | IMPORTE      | APLICACIÓN<br>ORZAMENTARIA | NÚMERO OPERACIÓN |
|------|--------------|----------------------------|------------------|
| 1    | 649.959,09 € | 26/456.4530.612.01         | 12026000068334   |
| 2    | 873.283,85 € | 26/456.4530.612.01         | 12026000068366   |
| 3    | 636.339,15 € | 26/456.4530.612.01         | 12026000068440   |
| 4    | 873.701,92 € | 26/456.4530.612.01         | 12026000068459   |
| 5    | 724.767,48 € | 26/456.4530.612.01         | 12026000068472   |
| 6    | 685.015,56 € | 26/456.4530.612.01         | 12026000068485   |

Considerando.- Que o artigo 219.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público establece en relación á duración dos acordos marco, que “A duración dun acordo marco non poderá exceder de catro anos, salvo en casos excepcionais, debidamente xustificados...”.

Considerando.- Que o apartado 6 do PCAP recolle que o Acordo marco poderá ser prorrogado ata tres veces, por un prazo máximo dun ano cada prórroga.

Considerando.- Que o contrato tramitouse e adxudicouse baixo a vixencia da LCSP.

Considerando.- Que o réxime xurídico establecido para a prórroga dos contratos na LCSP recóllese no seu artigo 29.2 da documentación aportada ao expediente dedúcese:

- O contrato encóntrase en vigor.



- O prazo de duración inicial máis a prórroga non supera o máximo previsto polo art. 29.4 da LCSP.
- A prórroga prevese expresamente nos pregos, nas condicións propostas.
- No informe do/a responsable do contrato déixase claro que a prórroga procederá nos mesmos termos que o contrato concertado, sen alteración dos seus termos, e o desenvolvemento conforme da prestación pola/o contratista.
- Consta o prazo de preaviso precisado polo art. 29.2, ou a conformidade expresa da/o contratista.
- Incorporouse ao expediente certificado de existencia de crédito ou documento de retención de crédito (RC).

Á vista do exposto, o Pleno da Corporación Provincial, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por unanimidade:

- Aprobar a segunda prórroga, por período dun ano, do “Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, de acordo co seguinte detalle:

| <b>LOTE 1</b>                                                                                                                                                                               |                                          |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------|
| EMPRESA                                                                                                                                                                                     | IMPORTE ESTIMADO ANUAL<br>(IVE INCLUÍDO) |
| FRANCISCO GOMEZ Y CIA SL                                                                                                                                                                    | 649.959,09 €                             |
| Os prezos unitarios aplicaráselle a porcentaxe de baixa ofertada do 8,87 %. O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM |                                          |
| Prazo de duración da prórroga: dende o 04/07/2026 ata o 03/07/2027                                                                                                                          |                                          |

| <b>LOTE 2</b>                                                                                                                                                                                |                                       |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------|
| EMPRESA                                                                                                                                                                                      | IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUÍDO) |
| MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE. AROSA SL                                                                                                                                          | 873.283,85 €                          |
| Os prezos unitarios aplicaráselle a porcentaxe de baixa ofertada do 9,50 %. O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM. |                                       |
| Prazo de duración da prórroga: dende o 26/06/2026 ata o 25/06/2027                                                                                                                           |                                       |



| LOTE 3                                                                                                                                                                                        |                                       |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------|
| EMPRESA                                                                                                                                                                                       | IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUÍDO) |
| CONSTRUCCIONES FECHI SLU                                                                                                                                                                      | 636.339,15 €                          |
| Os prezos unitarios aplicaráselle a porcentaxe de baixa ofertada do 13,40 %. O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM. |                                       |
| Prazo de duración da prórroga: dende o 26/06/2026 ata o 25/06/2027                                                                                                                            |                                       |

| LOTE 4                                                                                                                                                                                        |                                       |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------|
| EMPRESA                                                                                                                                                                                       | IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUÍDO) |
| CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, SA                                                                                                                                                                | 873.701,92 €                          |
| Os prezos unitarios aplicaráselle a porcentaxe de baixa ofertada do 15,80 %. O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM. |                                       |
| Prazo de duración da prórroga: dende o 26/06/2026 ata o 25/06/2027                                                                                                                            |                                       |

| LOTE 5                                                                                                                                                                                        |                                      |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------|
| EMPRESA                                                                                                                                                                                       | IMPORTE ETIMADO ANUAL (IVE INCLUÍDO) |
| CONSTRUCCIONES E C CASAS SL                                                                                                                                                                   | 724.767,48 €                         |
| Os prezos unitarios aplicaráselle a porcentaxe de baixa ofertada do 11,10 %. O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM. |                                      |
| Prazo de duración da prórroga: dende o 28/06/2026 ata o 27/06/2027                                                                                                                            |                                      |

| LOTE 6                                                                                                                                                                                       |                                       |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------|
| EMPRESA                                                                                                                                                                                      | IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUÍDO) |
| NAROM SL                                                                                                                                                                                     | 685.015,56 €                          |
| Os prezos unitarios aplicaráselle a porcentaxe de baixa ofertada do 9,49 %. O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM. |                                       |
| Prazo de duración da prórroga: dende o 26/06/2026 ata o 25/06/2027                                                                                                                           |                                       |

3.8656.- **APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 4/2026 (EXPTES. 2026040780-2026039032)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/fhyerVU80KVMIP6bltSYqQQklgbIloGvAwLBCuZH5ZnsNqcA>

O Deputado delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio, Formación e Emerxencias en virtude das delegacións acordadas na Resolución Presidencial nº 2025008021, de data 3 de outubro de 2025, propón ao Pleno a aprobación do expediente de modificación de crédito número 04/2026. Este expediente





inclúe créditos extraordinarios (EXT. 04/26) por importe de 6.546.000,00 €, suplementos de créditos (SUP.04/26) por importe de 807.500,00 € e a modificación do Anexo II das bases de execución.

Resultando que a tramitación deste expediente está motivado pola necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte por non existir consignación suficiente no estado de gastos do orzamento corrente, financiándose maioritariamente con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais, salvo o crédito extraordinario con destino ao mantemento en 2026 dos investimentos do proxecto 92210002 “Da túa man” que se recolle na aplicación 26/240-4314-227.99, financiándose con “baixas por anulación” da aplicación 26/240-4316-227.99, cuxos créditos son reducibles sen perturbar a prestación das actividades previstas; e respecto dos suplementos de crédito para os programas “Inclusión e lecer, relativo a ocio inclusivo” e respecto da convocatoria: “Impulsa Benestar”, para a adquisición ou adaptación de vehículos destinados a entidades de iniciativa social, que se recollen nas aplicacións 26/231-2311-480,05 e 26/231-2311-789.01 respectivamente, son financiados con baixas por anulacións da aplicación 26/231-2313-462.00\_2025, cuxos créditos son reducibles sen perturbar a prestación das actividades previstas, por tratarse de sobrantes da convocatoria do exercicio 2025.

Resultando que esta Intervención emite informe de data 19 de maio de 2026, no que indica que o expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como cos recursos que os financian e que a súa tramitación respecta o equilibrio orzamentario.

Considerando o disposto nos artigos 177, 179 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, nos artigos 2, 3, 11, 27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e nas bases de execución do orzamento, en canto a competencia e tramitación a seguir para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 04/2026.



O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por unanimidade:

**Primeiro:** Aprobar o expediente de modificación de crédito número 04/2026 da Deputación de Pontevedra. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT. 04/26) por importe de 6.546.000,00 € e outro de suplementos de créditos (SUP. 04/26) por importe de 807.500,00 €. O detalle do expediente e o seu financiamento é o seguinte:

1.- Créditos Extraordinarios “EXT. 04/26”:

| APLICACIÓN      | DENOMINACIÓN                                                                                                               | IMPORTE               |
|-----------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------|
| 240-4314-227.99 | TRABALLOS R. OUTRAS EMPRESAS, DA TÚA MAN _FOMENTO DE EMPREGO (Mantemento investimentos do proxecto: 92210002 “Da túa man”) | 3.000,00 €            |
| 340-3410-489.17 | ACHEGAS A FAMILIAS E INST. SEN FINS DE LUCRO, FOMENTO DO DEPORTE, (Fomentar o fútbol sala e outros deportes)               | 43.000,00 €           |
| 942-9420-762.89 | ACHEGAS A CONCELLOS, INVESTIMENTOS PROXECTOS EDIL (UE)_COOPERACIÓN (Financiamento proxectos EDIL 2026)                     | 6.500.000,00 €        |
|                 | <b>Total Créditos Extraordinarios...</b>                                                                                   | <b>6.546.000,00 €</b> |

Financiamento do expediente Créditos Extraordinarios “EXT. 04/26”:

A. Por importe de 3.000,00€, correspondente ao mantemento nos investimentos do proxecto 92210002 “Da túa man”, con baixas de créditos na aplicación 26/240-4316-227.99 cuxos créditos son reducibles sen perturbar a prestación das actividades previstas.

Contabilizándose as seguintes operacións:

BAIXAS POR ANULACIÓN:

| APLICACIÓN      | DENOMINACIÓN                                                                     | IMPORTE     |
|-----------------|----------------------------------------------------------------------------------|-------------|
| 240-4316-227.99 | TRABALLOS R. OUTRAS EMPRESAS, DA TÚA MAN RURAL II _FOMENTO DE EMPREGO (92310006) | -3.000,00 € |





B. O resto dos Créditos Extraordinarios fináncianse con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Contabilizándose a seguinte operación:

| CONCEPTOS DE INGRESO | DENOMINACIÓN                                                                  | IMPORTE        |
|----------------------|-------------------------------------------------------------------------------|----------------|
| 931-870.01           | Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar Créditos Extraordinarios... | 6.543.000,00 € |

2.- Suplementos de Créditos “SUP. 04/26”:

| APLICACIÓN      | DENOMINACIÓN                                                                                                                                                                                          | IMPORTE      |
|-----------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|
| 231-2311-480.05 | DESENVOLVEMENTO SOCIAL COMUNITARIO_ BENESTAR SOCIAL (Programa “Inclusión e lecer, relativo a ocio inclusivo”)                                                                                         | 125.000,00 € |
| 231-2311-789.01 | ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL, ADQUISICIÓN VEHÍCULOS _ BENESTAR SOCIAL (Convocatoria: “Impulsa Benestar”, para a adquisición ou adaptación de vehículos destinados a entidades de iniciativa social) | 180.000,00 € |
| 240-2410-489.06 | A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, EMPRENDEMENTO _FOMENTO DO EMPREGO (Achegas a entidades, detalle Anexo II das bases de execución)                                                                       | 80.500,00 €  |
| 330-3340-489.05 | A FAMILIAS E ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, ACTIVIDADES CULTURAIS _CULTURA (Achegas a entidades, detalle Anexo II das bases de execución)                                                               | 15.000,00 €  |
| 333-3341-226.99 | GASTOS DIVERSOS, OUTROS _MUSEO (PROX. 26_0003 BIENAL DE ARTES VIVAS 2026 )                                                                                                                            | 50.500,00 €  |
| 333-3330-629.01 | OUTRO INMOVILIZADO MATERIAL _ MUSEO (Adquisición piano)                                                                                                                                               | 15.000,00 €  |
| 333-3330-689.01 | ADQUISICIÓN OBRAS DE ARTE _MUSEO (Para completar a compra de: "Abano isabelino realizado en 1865", cadro “Mulleres” de Isaac Díaz Pardo e "escultura de Isidro Brocos")                               | 33.500,00 €  |
| 433-3361-227.99 | TRABALLOS R. OUTRAS EMPRESAS (XACEMENTOS)_TURISMO (Actuacións en castros da provincia)                                                                                                                | 142.000,00 € |
| 926-9260-208.00 | ARRENDAMENTO DE OUTRO INMOV. MATERIAL_ NOVAS TECNOLOXÍAS (Licenzas Citrix)                                                                                                                            | 50.000,00 €  |
| 926-9260-226.99 | GASTOS DIVERSOS, OUTROS_ NOVAS TECNOLOXÍAS (Adecuación normativa ENS para                                                                                                                             | 116.000,00 € |



|  |                                                                                                                                              |                     |
|--|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------|
|  | Deputación: 40.000€; Mantemento hardware Hyperflex: 25.000€; Migración do actual sistema de correo electrónico Microsoft Exchange : 51.000€) |                     |
|  | <b>Total Suplementos de Créditos...</b>                                                                                                      | <b>807.500,00 €</b> |

Financiamento do expediente Suplementos de Créditos “SUP. 04/26”:

A. Por importe total de 305.000,00 €, correspondentes ao Programa "Inclusión e lecer, relativo a ocio inclusivo" e para a Convocatoria: “Impulsa Benestar”, para a adquisición ou adaptación de vehículos destinados a entidades de iniciativa social, do Centro Xestor Benestar Social, con baixas de créditos na aplicación 26/231-2313-462.00\_2025, cuxos créditos son reducibles sen perturbar a prestación das actividades previstas, por tratarse de sobrantes da convocatoria do exercicio 2025.

Contabilizándose as seguintes operacións:

BAIXAS POR ANULACIÓN:

| APLICACIÓN           | DENOMINACIÓN                                                    | IMPORTE       |
|----------------------|-----------------------------------------------------------------|---------------|
| 231-2313-462.00_2025 | A CONCELLOS, SERVIZOS SOCIAIS<br>COMUNITARIOS _ BENESTAR SOCIAL | -305.000,00 € |

B. O resto dos Créditos Extraordinarios fináncianse con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Contabilizándose as seguintes operacións:

| CONCEPTO<br>DE<br>INGRESO | DENOMINACIÓN                                                                    | IMPORTE      |
|---------------------------|---------------------------------------------------------------------------------|--------------|
| 931-870.02                | Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar<br>Suplementos de Créditos... | 502.500,00 € |

Resumo do expediente:

|                                   |                |
|-----------------------------------|----------------|
| TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS... | 6.546.000,00 € |
| TOTAL SUPLEMENTOS...              | 807.500,00 €   |
| TOTAL BAIXAS POR ANULACIÓN...     | -308.000,00 €  |
| SUMA...                           | 7.045.500,00 € |



O Resumo das modificacións por capítulos son as seguintes:

|                                                  |                |
|--------------------------------------------------|----------------|
| <b>ORZAMENTO DE INGRESOS</b>                     |                |
| Capítulo 1º Impostos directos.                   | 0,00 €         |
| Capítulo 2º Impostos indirectos.                 | 0,00 €         |
| Capítulo 3º Taxas e outros ingresos.             | 0,00 €         |
| Capítulo 4º Transferencias correntes.            | 0,00 €         |
| Capítulo 5º Ingresos patrimoniais.               | 0,00 €         |
| Capítulo 6º Alleamento de investimentos reais.   | 0,00 €         |
| Capítulo 7º transferencias de capital.           | 0,00 €         |
| INGRESOS NON FINANCEIROS...                      | 0,00 €         |
| Capítulo 8º Activos financeiros.                 | 7.045.500,00 € |
| Capítulo 9º Pasivos financeiros.                 | 0,00 €         |
| INGRESOS FINANCEIROS...                          | 7.045.500,00 € |
| TOTAL VARIACIÓNS POR CAPÍTULO...                 | 7.045.500,00 € |
| <b>ORZAMENTO DE GASTOS.</b>                      |                |
| Capítulo 1º Gastos de persoal.                   | 0,00 €         |
| Capítulo 2º Gastos en bens correntes e servizos. | 358.500,00 €   |
| Capítulo 3º Gastos financeiros.                  | 0,00 €         |
| Capítulo 4º Transferencias correntes.            | -41.500,00 €   |
| Capítulo 6º Investimentos reais.                 | 48.500,00 €    |
| Capítulo 7º Transferencias de capital.           | 6.680.000,00 € |
| GASTOS NON FINANCEIROS...                        | 7.045.500,00 € |
| Capítulo 8º Activos financeiros.                 | 0,00 €         |
| Capítulo 9º Pasivos financeiros.                 | 0,00 €         |
| GASTOS FINANCEIROS...                            | 0,00 €         |
| TOTAL VARIACIÓNS POR CAPÍTULO...                 | 7.045.500,00 € |

3.- Modificación do Anexo II das bases de execución, modificando e engadindo como subvencións nominativas, as seguintes:

| 240- FOMENTO DE EMPREGO |                                                                  |               |                                  |
|-------------------------|------------------------------------------------------------------|---------------|----------------------------------|
| APLICACIÓN/CIF          | BENEFICIARIO/ FINALIDADE                                         | CRÉDITO FINAL | Obxecto e finalidade             |
| 240-2410-489.06         | a entidades sen fins de lucro, emprendemento _fomento de emprego | 105.500,00 €  |                                  |
| G70115282               | Clúster da Comunicación de Galicia                               | 10.000,00 €   | Congreso de Marketing Flúor 2026 |
| G36644961               | Asociación Clúster del Granito                                   | 10.000,00 €   | Summit Arquitectura e Pedra      |



|                       |                                                                         |                      |                                                                            |
|-----------------------|-------------------------------------------------------------------------|----------------------|----------------------------------------------------------------------------|
| G36823094             | Asociación Círculo de Empresarios de Galicia                            | 60.500,00 €          | Ponte Futuro 2026                                                          |
| <b>330_CULTURA</b>    |                                                                         |                      |                                                                            |
| <b>APLICACIÓN/CIF</b> | <b>BENEFICIARIO/ FINALIDADE</b>                                         | <b>CRÉDITO FINAL</b> | <b>Obxecto e finalidade</b>                                                |
| 330-3340-489.05       | A familias e entidades sen fins de lucro, actividades culturais_cultura | 1.409.500,00 €       |                                                                            |
| Q1500423G             | Academia Xacobeia                                                       | 6.000,00 €           | Organización das xornadas “O Camiño de Inverno na provincia de Pontevedra” |
| G72807837             | Asociación de Veciños NovaMeira                                         | 4.000,00 €           | “Mar da Illa - Festival Internacional das Culturas”                        |
| G94194933             | Asociación Taller Experimental de Obra Múltiple Contemporánea           | 5.000,00 €           | “IV Mini Print Internacional Galicia 2026”                                 |

Segundo: Este expediente de modificación de créditos número 04/2026 que inclúe créditos extraordinarios (EXT. 04/26) por importe de 6.546.000,00 €, suplementos de créditos (SUP.04/26) por importe de 807.500,00 € e as modificacións do Anexo II das Bases de execución do orzamento, exporase ao público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 04/2026, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formularan reclamacións contra o mesmo.



4.8657.- **APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO REFORMULADO DA ACTUACIÓN “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN UNIFICADO PARA MELLORA DA ACCESIBILIDADE EN ROSALÍA DE CASTRO E BUEIXOS. CONCELLO DA CANIZA” PRESENTADO POLO CONCELLO DA CANIZA AO ABEIRO DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA 2025 (PLAN EXTRA 2025) E A MODIFICACIÓN DO ACORDO DO PLENO DE 27/03/2026, NÚM. 5.8616, DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN (EXPTES. 2025072582-2026042189)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/FbEmgOETPiCyNsDrfbh7vlivsErVPe54zyDMYzFfjkHul5n>

#### ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria de 30/09/2025, mediante o acordo núm. 4.8493, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 189, de 03/10/2025. Así mesmo, para axustar a base quinta ao novo financiamento do Plan, procedeuse a modificar as bases reguladoras mediante o acordo plenario núm. 4.8615, adoptado na sesión ordinaria de 27 de marzo de 2026, publicado no BOPPO núm. 60 do 30 de marzo de 2026.
- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria de 27/03/2026, mediante o acordo núm. 5.8616, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrência competitiva ao Concello da Caniza, con destino á execución da actuación denominada “Proxecto básico e de execución unificado para mellora da accesibilidade en Rosalía de Castro e Bueixos. Concello da Caniza”, ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025).  
O custo total da actuación ascendía a 852.944,31€ e a subvención concedida foi de 682.000,00€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 170.944,31€.
- Nas datas 08/04/2026, 09/04/2026, 15/04/2026 e 23/04/2026 o Concello da Caniza presenta no rexistro da Deputación (núms. Rexistro



WEB2026029925, WEB2026029930, WEB2026029933, WEB2026032750 e WEB2026035482) un proxecto reformulado do proxecto inicial, un decreto de solicitude de aprobación da reformulación e compromiso de financiamento, un informe xustificativo das causas que motivan a reformulación do proxecto, a autorización sectorial do Servizo de Infraestruturas da Deputación de Pontevedra para o proxecto inicial, a aprobación do proxecto técnico reformulado por parte do órgano competente do Concello e un informe do servizo de Infraestruturas da Deputación de Pontevedra no que se resolve que non é necesario volver a solicitar a autorización como consecuencia das modificacións introducidas no proxecto.

As variacións entre ambos proxectos débense a corrección dos prezos de proxecto para unha mellor adaptación ós prezos de mercado. Os cambios introducidos aumentan o orzamento en 188.835,17 € (un incremento do 22,14%, correspondente á execución da obra) ata o importe de 1.041.779,48 €, manténdose invariable o importe da subvención concedida e aumentando a achega do concello ata a cantidade de 359.779,48€.

- O enxeñeiro do Servizo de Cooperación emite informe de supervisión do proxecto o 27/04/2026 (CSV: M6VTD694E8WQY0GY).
- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025) na data 29/04/2026 conclúese que se pode continuar coa tramitación do expediente, tendo en conta que os cambios introducidos non supoñen unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado, e que se mantén a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.
- O 29/04/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente o expediente (CSV: V1WXDB5RGW1TYZIJ).
- Na data 18/05/2026 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención emite informe no que fai constar que este plan recibiu financiación para todos os proxectos presentados que cumprían as esixencias das bases reguladoras, polo que calquera eventual reformulación ou modificación non ten influencia nin supón prexuízos a terceiros no que respecta ás puntuacións técnicas que rexeron a concorrência competitiva, posto que incluso unha redución das mesmas tería nula afección na concesión da financiación, sen prexuízo doutras implicacións administrativas que os cambios puidesen producir (CSV: J8W1ZVC4147ASWAK).





- Na data 18/05/2026 a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable á proposta de modificación do acordo de concesión por cambio de proxecto do investimento obxecto de subvención (CSV: OW3CX12TXJ349ACG).
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 22/05/2026 (CSV: 5YJSSA1Q7Y3SAKLB).

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación.
- Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025).

### Consideracións xurídicas

#### Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento



correspóndelle ó xefe do Servizo de Cooperación.

#### Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

#### Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da OXSDPPO, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.



- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Base reguladora 18ª da convocatoria, segundo a cal, se tras a concesión da subvención e antes da licitación do investimento xurdise a necesidade de reformular o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente a reformulación, que deberá ser aprobada polo órgano competente da entidade municipal. A reformulación do proxecto técnico non poderá variar a tipoloxía inicialmente aprobada nin supoñer unha minoración da puntuación acadada polo proxecto inicial. Despois da aprobación polo concello, a Deputación supervisará o proxecto reformulado e dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención. En todo caso, o concello deberá xustificar as causas que motivan a reformulación do proxecto (cumprimento de condicionamentos impostos polas autorización sectoriais, necesidade de adaptar, redefinir algún concepto, etc.). A reformulación do proxecto técnico non dará lugar a un incremento da contía subvencionada. No suposto de que a reformulación supoña un incremento do custe do investimento, o concello poderá financiar este incremento con: fondos propios do concello; achegas concedidas pola Deputación con cargo a outros plans ou programas de subvencións, sempre que os prazos de execución se axusten aos recollidos nas presentes bases, e achegas outorgadas por outras Administracións Públicas con cargo a convenios ou a plans ou programas de axudas, sempre que os prazos de execución se axusten aos recollidos nas presentes bases. Se a reformulación do proxecto técnico supón unha minoración do custe do investimento, a minoración reverterá na achega municipal sen variar a subvención concedida pola Deputación, sempre que se manteña a porcentaxe de financiamento mínimo por parte do concello establecida na base quinta destas bases. O custe da redacción do proxecto reformulado correrá a cargo do concello.

#### Competencia para resolver

- Correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, e en virtude dos artigos 33 da LRBRL e 185 do TRLRFL.



## CONCLUSIÓN

O proxecto reformulado presentado polo Concello da Caniza para a execución da actuación denominada “Proxecto básico e de execución unificado para mellora da accesibilidade en Rosalía de Castro e Bueixos. Concello da Caniza”, no marco do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025), non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

Os cambios introducidos aumentan o orzamento en 188.835,17€ (un incremento do 22,14%, correspondente á execución da obra) ata o importe de 1.041.779,48€, manténdose invariable o importe da subvención concedida e aumentando a achega do Concello ata a cantidade de 359.779,48€.

A Comisión de Persoas Expertas do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025) informa favorablemente a supervisión do proxecto reformulado, poñendo de manifesto que os cambios introducidos non afectan aos criterios de valoración e a puntuación en base aos que se concedeu a axuda.

O proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025) e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrência competitiva.

Polo que antecede e de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, o Pleno acorda por unanimidade a adopción dos seguintes acordos:

- Aprobar o proxecto técnico reformulado da actuación denominada “Proxecto básico e de execución unificado para mellora da accesibilidade en Rosalía de Castro e Bueixos. Concello da Caniza”, presentado polo Concello da Caniza, ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025).



- Modificar o acordo plenario do 27/03/2026, núm. 5.8616, de concesión de subvención ao Concello da Caniza para reaxustar o financiamento de conformidade coa seguinte táboa:

| ORZAMENTO     | SUBVENCIÓN<br>PLAN EXTRA | ACHEGA CONCELLO |
|---------------|--------------------------|-----------------|
| 1.041.779,48€ | 682.000,00€              | 359.779,48€     |

- Dar traslado do presente acordo ao Concello da Caniza, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

5.8658.- **DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN  
INTERPOSTO POLO CONCELLO DE CAMBADOS  
CONTRA A SÚA EXCLUSIÓN DA CONCESIÓN DE  
SUBVENCIÓN DO PLAN PROVINCIA  
EXTRAORDINARIA 2025 (PLAN EXTRA 2025)  
(EXPTES. 2025073661-2026042192)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/yQJNPFBWLrtqa63tgCyr6jEXnCl3lylaNu9vJUPhqrGjxJd>

## **I. ANTECEDENTES**

PRIMEIRO. A Deputación Provincial de Pontevedra aprobou as Bases Reguladoras e Convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025) mediante o acordo plenario núm. 4.8493, adoptado na sesión extraordinaria de 30 de setembro de 2025, publicadas no BOPPO núm. 189, do 3 de outubro de 2025, co obxecto de financiar actuacións estratéxicas para os concellos de menos de 50.000 habitantes da Provincia de Pontevedra.

O prazo de presentación de solicitudes é dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do seu extracto no BOPPO e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), é dicir, remata o 4 de novembro de 2026.

SEGUNDO. O día 31 de outubro de 2025, mediante o rexistro número WEB2025075654, o Concello de Cambados solicita participar na convocatoria





do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025) achegando un proxecto para unha actuación denominada “Acondicionamento de entorno para zonas de xogo activo, seguro ó aire libre e práctica de actividades físicas funcionais con zona de lecer, skate park con bowl e zona de parkour e calistenia no Pombal”, e cuxo orzamento ascende a 429.989,15 €.

En dito proxecto xustifícase expresamente a innecesariedade de realizar un estudo xeolóxico e xeotécnico, en base á experiencia previa contrastada e ás características acreditadas do terreo, recoñecidas no plan especial de reforma interior que desenvolve a unidade de xestión 1, O Pombal.

TERCEIRO. Na data 8 de xaneiro de 2026 emítense requirimentos de emenda da documentación da solicitude presentada polos concellos. No caso de Cambados, non se emite requirimento porque finalizado o prazo de presentación de solicitudes achégase un proxecto completo e válido, que non é necesario emendar, non obstante o importe do orzamento non acada o importe mínimo esixido nas bases, polo que ó ser este un requisito esencial en consecuencia, non se considera un proxecto subvencionable, sendo unha causa de exclusión, de acordo coa base 6ª das reguladoras e convocatoria do Plan.

CUARTO. O día 4 de febreiro de 2026, mediante a Resolución Presidencial número 2026000887, noméase aos membros que forman parte da Comisión de Persoas Expertas do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025), de acordo co previsto na base sexta das reguladoras do procedemento.

QUINTO. A Comisión de Persoas Expertas do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025), reunida en tres sesións os días 9 e 16 de febreiro e o 10 de marzo de 2026, e unha vez finalizada a revisión dos proxectos e demais documentación técnica correspondente ás 57 solicitudes admitidas, elabora unha relación coa puntuación acadada por cada concello de modo decrecente.

SEXTO. Convócase a Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais o día 17 de marzo de 2026, facéndose público en diversos medios de comunicación, que informaron sobre a desestimación das solicitudes de dous concellos, entre os que se atopa Cambados.





SÉTIMO. O día 18 de marzo de 2026 (número rexistro WEB2026021449), catro meses e medio despois de finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o Concello de Cambados presenta no rexistro da Deputación un informe do arquitecto municipal advertindo que proximamente achegarán o proxecto corrixido para incrementar algunhas partidas en previsión de que nun futuro se realice un estudo xeolóxico e xeotécnico (non se achega o dito estudo porque tal e como expoñen aínda non se realizou), cuxas implicacións económicas son duplicar o tempo de man de obra e maquinaria, así como o cambio dunha pala, por outra máis custosa, na partida 2.1 do proxecto.

OITAVO. O día 20 de marzo de 2026 ten lugar a sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, a cal ditamina favorablemente a proposta de concesión de subvencións ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025), na que se relacionan as solicitudes desestimadas e a súa motivación.

NOVENO. O Concello de Cambados presentou no Rexistro da Deputación, con data 24 de marzo de 2026, documentación complementaria relativa á solicitude de subvención, coa finalidade de corrixila e adaptala a un novo proxecto (número rexistro WEB2026022850). Con data 25 de marzo de 2026, o concello presenta un oficio de remisión do novo proxecto mediante USB. O novo proxecto ten un orzamento superior de 455.381,25 €.

DÉCIMO. O Pleno da Deputación Provincial, mediante o acordo número 4.8615, adoptado na sesión ordinaria do día 27 de marzo de 2026, acordou aprobar a modificación das bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025) para axustar a base 5ª ao novo financiamento.

DÉCIMO PRIMEIRO. O Pleno da Deputación Provincial, mediante o acordo número 5.8616, adoptado na sesión ordinaria do 27 de marzo de 2026, desestimou, motivadamente, a concesión da subvención, polo procedemento de concorrência competitiva, ao Concello de Cambados, con destino ao financiamento do investimento denominado “Acondicionamento de entorno para zonas de xogo activo, seguro ó aire libre e práctica de actividades físicas funcionais con zona de lecer, skate park con bowl e zona de parkour e calistenia no Pombal” ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025),



xa que o orzamento de licitación do proxecto presentado non acada o importe mínimo recollido na base 5ª. Dito acordo foi notificado ao Concello o día 1 de abril de 2026 (código notificación: NOT2026007503), e foi recibida por parte do destinatario ese mesmo día (identificador DEHÚ: 534320169cceb94a65d0). A motivación da desestimación que consta no acordo transcríbese a continuación:

“Motivo: NON ACADAR O ORZAMENTO DE LICITACIÓN O MÍNIMO ESTABLECIDO NA BASE 5ª

Orzamento total ascende a 429.989,15 €.

Explicación: Este importe non acada o mínimo establecido na base 5ª, xa que no caso deste Concello, ao contar cunha poboación comprendida entre 10.001 e 20.000 habitantes, o importe mínimo do orzamento estaría situado nos 450.000 € (o 50% da subvención máxima para este tramo de poboación), polo que procede a súa exclusión automática, de acordo co establecido na base 11ª.”

DÉCIMO SEGUNDO. Con data 4 de maio de 2026, o Concello de Cambados presenta no Rexistro da Deputación (número Rexistro WEB2026038527) un recurso potestativo de reposición contra o acordo plenario 5.8616 de data 27 de marzo de 2026, polo que desestima a concesión dunha subvención ao concello, ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025).

## II. FUNDAMENTOS DE DEREITO

### Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.



- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.

### Consideracións xurídicas

#### PRIMEIRO. Prazos

O artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), establece que “o prazo para a interposición do recurso de reposición será dun mes, se o acto fora expreso. Transcorrido o dito prazo, unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, no seu caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

Se o acto non fora expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpoñer recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto”.

No presente caso, e dado que se trata dun acto expreso que pon fin á vía administrativa, si cabe a posibilidade de presentar recurso de reposición, o cal se presenta en prazo, xa que a aceptación da notificación se produce en data 1 de abril de 2026 e o recurso se presentou en data 4 de maio de 2026.

#### SEGUNDO. Obxecto

O artigo 112 da LPACAP esixe que o recurso se fundamente en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 do referido texto normativo.

O Concello de Cambados invoca vicio de anulabilidade por ter vulnerado a base 11ª das reguladoras e convocatoria do procedemento, así como os artigos 68 e 88 da LPACAP. Polo tanto, solicita a anulación do acordo 5.8616 do Pleno da



Deputación Provincial da data 27 de marzo de 2026, polo que se desestima a concesión da subvención, e insta á súa corrección, ou, subsidiariamente, ordenar a retroacción do procedemento.

TERCEIRO. Sobre o incumprimento dun requisito esencial: importe mínimo necesario do orzamento do investimento para acadar a subvencionabilidade.

No momento de solicitar a subvención, o concello presenta no Rexistro da Deputación un certificado do decreto da Alcaldía 2025-1815, de data 30/10/2025, polo que se aproba o proxecto técnico da actuación “Reformado 2 do PBE para acondicionamento de entorno para zonas de xogo activo seguro ó aire libre e práctica de actividades físicas funcionais con zona de lecer, skate park con bowl e zona de parkour e calistenia no Pombal”, redactado pola arquitecta Dona Paula Alfonso Laya e asinado con data 29/10/2025. Así mesmo, solicítase unha subvención por importe de 322.491,86 € para un proxecto cuxo orzamento base de licitación ascende aos 429.989,15 €.

Por tanto, compróbase con total obxectividade que o orzamento do proxecto presentado non concorda cos requisitos básicos expresados nas bases reguladoras do procedemento, xa que a base quinta é clara no tocante ás contías máximas e mínimas de cofinanciación, así como no referente ao importe mínimo do orzamento, que ten que ser un 50% da cantidade máxima a subvencionar en cada tramo de poboación.

No caso do Concello de Cambados, ao contar cunha poboación comprendida entre os 10.001 e 20.000 habitantes, o límite mínimo serían 450.000 €, dado que o importe máximo da subvención para os Concellos situados neste tramo sitúase nos 900.000 €.

O proxecto achegado polo Concello de Cambados é un proxecto completo é válido, pero que non é subvencionable nesta convocatoria por non cumprir no momento en que finaliza o prazo de presentación de solicitudes un requisito de carácter esencial.

CUARTO. Sobre a non adaptación do proxecto á presente convocatoria de subvencións.



Como se observa no contido do proxecto, este foi modificado a escasos días do remate do prazo de presentación de solicitudes para adaptalo á presente convocatoria de subvencións ao abeiro de Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025), tal e como se recolle na páxina 5 do proxecto presentado: “En decembro do 2021 o Concello de Cambados encárgalle ó estudio de Paula Alfonso arquitectura o proxecto básico e de execución para a construción dun skatepark con bowl e zona adicada a parkour no Pombal, Cambados.

En febreiro do 2022 esta arquitecta presenta un proxecto básico e de execución de skatepark con bowl e zona de parkour no Pombal.

Posteriormente, encárganlle a redacción dun modificado para adaptar este proxecto a unha subvención destinada a promover estilos de vida saudables a través da creación de entornos saudables.

En outubro do 2022 esta arquitecta presenta un proxecto básico e de execución de acondicionamento de entorno para zonas de xogo activo seguro ó aire libre e práctica de actividades físicas funcionais con zona de lecer, skate park con bowl e zona de parkour e calistenia no Pombal.

Posteriormente solicitan a tradución deste proxecto ó castelán para concorrer a dita subvención, de fondos europeos.

O 26 de outubro do 2025 solicitan facer un novo modificado para encaixar o proxecto no plan provincia extraordinario da Deputación de Pontevedra. Tendo en conta o tempo transcorrido, procedemos a actualizar prezos, normativa, xestión de residuos e outros parámetros necesarios para encaixar esta redacción na subvención referida”.

Por tanto, estase a recoñecer expresamente que se trata dun proxecto xa existente, pero que foi pensado e redactado para cumprir os requisitos doutras convocatorias diferentes á do Plan Extra 2025. É dicir, non se trata dun proxecto ideado orixinariamente para acollerse a esta convocatoria senón que está deseñado para cumprir os requisitos esixidos noutras convocatorias doutros plans radicalmente diferentes.

Igualmente despréndese do anterior e da documentación que obra no expediente que tampouco recibiu subvención doutras convocatorias, polo que non é a primeira vez que este proxecto non resultou subvencionado.

Do contido expreso do proxecto, constátase que desde decembro do 2021, mantense expresamente o criterio técnico da innecesiedade do estudo xeotécnico, incluso tras revisar o proxecto en varias ocasións e anualidades, polo que se trata dun criterio técnico adoptado de forma consciente, xustificada e razoadamente por técnicos competentes na materia.





Ademais, queda de manifesto que por parte do concello se encargou a adaptación do proxecto á convocatoria específica do Plan Extra 2025 cun marxe de tempo de apenas uns días (encárgase o 26 de outubro e o 30 de outubro aprobouse o proxecto polo concello), a pesar de que a convocatoria foi publicada case un mes antes. Neste escaso marxe de tempo o resultado foi unha adaptación infrutuosa do proxecto, xa que se incumpriu un requisito esencial básico que se esixe con claridade e de forma indubitada nas bases do Plan.

En suma, a pesar de recoñecer que os traballos de adaptación se realizan especificamente para cumprir as Bases e convocatoria do Plan Extra 2025, dita adaptación tivo como resultado final un proxecto que non cumpre, de maneira clara indubitada, un requisito esencial básico e totalmente obxectivo, que vén esixido nas bases e convocatoria do Plan, ao non acadar o importe mínimo esixido.

QUINTO. Motivación da exclusión e da ausencia de requirimento consonte o artigo 68 da LPACAP.

O concello manifesta que a resolución vulnera o establecido nas bases reguladoras, xa que a expresión “exclusión directa” só vén recollida na base décimo primeira, e referido á non presentación dalgún dos documentos que se expoñen na mesma. O concello tamén manifesta un incumprimento da base 7ª das reguladoras, en concordancia co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, dado que non se lle requiriu esta cuestión no curso de procedemento.

A base sexta das reguladoras do procedemento de concesión de subvencións expresa que: “(...) valoraranse as solicitudes por orde decrecente de puntuación e asignaráselles o máximo financiamento posible ata esgotar o crédito do plan. 6.1 Quedarán excluídas aquelas solicitudes que: - Incumpran as bases da convocatoria; - Non se acollan ao obxecto subvencionable (...)”.

O proxecto presentado polo Concello de Cambados é un proxecto completo e válido, que por tanto non necesita que se lle requira formalmente que realice a emenda de aspectos que teñan o carácter de emendables, xa que non se detectaron. Non obstante, trátase dun proxecto que incumpre radicalmente un requisito esencial como é o importe mínimo do orzamento. Este requisito é unha condición de acceso á subvención de carácter esencial e ineludible, que





debe cumprirse no momento do fin do prazo de solicitudes, como resulta natural nun procedemento de concorrncia competitiva en virtude dos principios de igualdade, concorrncia e competitividade que rexen este tipo de procedementos.

É dicir, ao non presentar un proxecto cun mínimo de 450.000 € de orzamento de licitación, tal e como se establece na base quinta, o concello está incumprindo as bases da convocatoria. Por iso, en aplicación do disposto na base sexta, a solicitude queda excluída e non procede a súa valoración por parte da Comisión de Persoas Expertas, ao tratarse dun requisito esencial. Este é o sentido da expresión “exclusión directa” expresado na resolución de desestimación da subvención.

Cómpre sinalar que este requisito non ten carácter emendable, dado que suporía unha modificación substancial do contido da solicitude presentada. Neste sentido, o órgano instrutor non pode requirir o incremento do orzamento de licitación dunha obra, xa que tal actuación implicaría alterar a realidade económica do proxecto coa finalidade de axustalo artificialmente aos requisitos da convocatoria.

Un requirimento nestes termos vulneraría os principios de legalidade, ao non estar amparado pola normativa reguladora; de igualdade de trato, ao supoñer unha vantaxe respecto doutros solicitantes que presentaron as súas solicitudes conforme ás bases; e de obxectividade e imparcialidade, ao intervir na configuración substancial da solicitude, e máis tratándose dun procedemento de concorrncia competitiva.

Así mesmo, constitúe unha desviación de poder empregar as potestades administrativas para un fin distinto do previsto, que non pode ser outro que a comprobación do cumprimento dos requisitos establecidos nas bases. Ademais, promover un incremento inxustificado do orzamento sería contrario aos principios de eficiencia e boa xestión dos fondos públicos, así como ao deber de veracidade na determinación do custo real das actuacións.

SEXTO. Sobre a inexistencia dun estudo xeolóxico e xeotécnico e hipotética necesidade de realizar cambios no proxecto fóra de prazo.



O concello manifesta que a resolución de desestimación da concesión da subvención vulnera o establecido no artigo 88 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, xa que non se decidiu sobre todas as cuestións formuladas, vulnerando os principios de boa fe, confianza lexítima e lealdade institucional, xa que na data 25 de marzo de 2026 achegaron o proxecto corrixido engadindo a conveniencia de realizar un estudo xeolóxico e xeotécnico que aínda non se realizou, o que, ademais, supón un cambio radical no criterio técnico sostido repetidamente no proxecto co único fin de alterar o orzamento resultante, argumentando hipoteticamente a posibilidade de que se dean unhas circunstancias tras a realización no futuro de dito estudo que supoñerían unhas implicacións económicas (duplicar o tempo de man de obra e maquinaria, así como o cambio dunha pala, por outra cinco veces máis custosa, na partida 2.1 do proxecto) xusto polo importe necesario para alcanzar o orzamento mínimo esixido na convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025).

Non obstante, este cambio de criterio non se atopa xustificado, xa que se trata dunha mera hipótese que se pode confirmar ou non tras a realización dun estudo xeolóxico e xeotécnico no futuro, cuestión esta, que de obrar o concello coa dilixencia debida podería ter feito con moita anterioridade e que non fixo porque expresamente considerou innecesaria a súa realización de forma clara, expresa, razoada e consciente.

O prazo de presentación de solicitudes rematou o día 3 de novembro de 2025, unha vez transcorrido o mes establecido desde a publicación das bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025) no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. En consecuencia, a documentación presentada fóra do prazo ten a consideración de extemporánea, non tratándose de documentación que persegue a emenda de requisitos meramente formais esixidos polas bases, senón que se trata dun cambio de proxecto que persegue un fin non permitido, como é alterar os prazos para o cumprimento dun requisito de carácter esencial, cambiándose o proxecto para incrementar o seu orzamento, cando no propio proxecto presentado se prevía e xustificaba clara e expresamente a innecesariedade de incrementar o seu custo.

O día 17 de marzo de 2026 convocouse a Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza, e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, para coñecer da proposta de resolución de concesión e desestimación de subvencións ao abeiro do Plan Extra 2025, cuxa sesión tivo



lugar o 20 de marzo. Nesa mesma data, a Comisión Informativa emitiu ditame favorable con carácter previo á súa elevación ao Pleno, celebrado o día 27 de marzo. Polo tanto, o procedemento xa se atopaba nun estado avanzado de tramitación, de maneira que a presentación de documentación case cinco meses despois da finalización do prazo de solicitudes e catro días despois da emisión do ditame da Comisión Informativa resultaba claramente extemporánea.

Ademais, no proxecto orixinal achegado o día 31 de outubro de 2025 recóllese expresamente, na páxina 32, a innecesiedade de elaborar un estudo xeolóxico e xeotécnico: “Dadas as características do proxecto non se considera necesario a realización de ningún estudo xeotécnico. Non obstante, contamos con suficiente información para poder facer unha aproximación ás características do terreo”. Incluso se xustifica tecnicamente esta decisión en base aos aspectos recollidos no punto 6 do proxecto, chegando a concluírse sen lugar a dúbidas: “[...], este estudio de arquitectura desenvolveu nos últimos 3 anos proxectos en zonas a menos de 100 metros da zona de actuación [...]”. Tamén se expón claramente no proxecto orixinario que “existe un plan especial de reforma interior que desenvolve a unidade de xestión 1, O Pombal, que especifica claramente as cargas admitidas”. Por tanto, esta xustificación expresa deixa constancia de que non se trata dun erro, senón dun criterio técnico avalado e razoado, quedando acreditado, por tanto, que a decisión de non incluír a necesidade deste estudo foi tecnicamente meditada, reflexionada e xustificada expresamente segundo o parecer de técnicos con competencia da materia.

A necesidade de incorporar un estudo xeolóxico e xeotécnico foi recollida posteriormente no proxecto presentado o día 25 de marzo de 2026, co obxecto de incrementar o custo da actuación e así cumprir un requisito esencial do Plan Extra 2025, xustamente nun momento no que se dispoñía de información pública que indicaba que este incumprimento operaría para este caso en concreto como causa de exclusión.

Ademais, no proxecto presentado o 25 de marzo, así como no informe do arquitecto municipal achegado o día 18 de marzo, constátase que a inclusión deste estudo xeolóxico e xeotécnico unicamente ten implicacións económicas na partida “2.1 Excavación mecánica terreo floxo” que pasa a ser “2.1 Excavación ó descuberto con medios mecánicos”. O informe do arquitecto municipal transcríbese a continuación: “(...) O técnico que subscribe este informe considera, en base á normativa e á boa práctica, que resulta necesario realizar un estudo xeolóxico e xeotécnico, e que, en ausencia do mesmo o proxecto deberá modificarse, con carácter previo á licitación, de cara a contemplar o escenario máis desfavorable dos que sexa razoable atopar no lugar; de modo



que non se produzan desviacións no proxecto que deriven na modificación do contrato en fase de execución e/ou a inviabilidade das obras, incluso a necesidade dunha nova licitación.

Así, atendendo ao feito de que a zona en cuestión foi “gañada ao mar” mediante recheo fai varias décadas (perfectamente apreciable na foto aérea de 1956), a falta de estudo xeolóxico e xeotécnico debería considerarse que o tipo de escavación a realizar a orzamentar debe ser en tipo de solo arxiloso duro, con grava compacta.

As implicacións económicas deste cambio na consideración do terreo conleva un incremento na unidade AA unidade de obra 2.1, do capítulo 2 Movemento de terras, pasará de 3,10 €/m<sup>3</sup> a 20,05 €/m<sup>3</sup>, para un total de 887,50 m<sup>3</sup> de escavación”.

É dicir, sen proceder á modificación das medicións nesta partida, cámbianse os prezos unitarios, que pasan dun custo de 3,10 € a 22,97 €, tal e como se observa na comparativa de partidas presentes no proxecto achegado o día 31 de outubro de 2025, e no proxecto achegado o día 25 de marzo de 2026, que se expón a continuación:

|                                                   |                |                                                                                                                                                                                                                                                                            |                                           |             |
|---------------------------------------------------|----------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------|-------------|
| 2.1                                               | m <sup>3</sup> | Escavación ao descuberto, en terreo de consistencia frouxa e recheos antrópicos, con escavadora de 2 m3. de capacidade de culler, con extracción de terra aos bordos e carga de excedente en camión dumper 25tm, 16m3 tracc. tot, en baleiro, i/p.p. de custos indirectos. |                                           |             |
|                                                   | 0,13           | h                                                                                                                                                                                                                                                                          | Retrocargadora sobre pneumáticos de 70 kW | 14,92 1,94  |
|                                                   | 0,05           | h                                                                                                                                                                                                                                                                          | Peón ordinario construción                | 20,14 1,01  |
|                                                   | 2,00           | %                                                                                                                                                                                                                                                                          | Custos directos complementarios           | 2,95 0,06   |
|                                                   | 3,00           | %                                                                                                                                                                                                                                                                          | Costes indirectos                         | 3,01 0,09   |
| <b>Prezo total redondeado por m<sup>3</sup> :</b> |                |                                                                                                                                                                                                                                                                            |                                           | <b>3,10</b> |

|                                        |                |                                                                                                                                                                                                                                           |                                                                   |              |
|----------------------------------------|----------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------|--------------|
| 2.1                                    | m <sup>3</sup> | Escavación ao descuberto, en terreo de arxila dura con grava compacta, con medios mecánicos (máquina retroescavadora con martelo), con extracción de terra aos bordos e carga de excedente en camión dumper, i/p.p. de custos indirectos. |                                                                   |              |
|                                        | 0,27           | h                                                                                                                                                                                                                                         | Retroescavadora sobre neumáticos, de 85 kW, con martelo rompedor. | 73,50 19,85  |
|                                        | 0,10           | h                                                                                                                                                                                                                                         | Peón ordinario construción                                        | 20,14 2,01   |
|                                        | 2,00           | %                                                                                                                                                                                                                                         | Custos directos complementarios                                   | 21,86 0,44   |
|                                        | 3,00           | %                                                                                                                                                                                                                                         | Costes indirectos                                                 | 22,30 0,67   |
| <b>Prezo total redondeado por ud :</b> |                |                                                                                                                                                                                                                                           |                                                                   | <b>22,97</b> |

| Proxecto   | Medición (m <sup>3</sup> ) | Prezo unitario (€/m <sup>3</sup> ) | Total partida (€) |
|------------|----------------------------|------------------------------------|-------------------|
| Orixinal   | 887,50                     | 3,10                               | 2.751,25          |
| Modificado | 887,50                     | 22,97                              | 20.385,88         |

(\*A estas cantidades habería que sumar o importe dos gastos xerais, beneficio industrial e IVE).

Isto débese a que dentro desta partida dúplícase o tempo de man de obra e maquinaria, así como o cambio dunha pala por outra unhas cinco veces máis



custosa, sen que exista apoio documental real para a realización destes cambios nin xustificación do seu custo, xa que o estudo sobre o que se quere apoiar esta argumentación aínda non se realizou e ademais, con anterioridade se fixo unha completa xustificación da súa innecesariedade.

O feito de que exista un cambio de criterio técnico sobre a base dun estudo que aínda non se realizou e xusto no momento inmediato á resolución desestimatoria desta axuda, evidencia que a razón pola que se fai é unicamente tratar de reverter o incumprimento dun requisito esencial e intentar xustificar a alteración do orzamento do proxecto para tratar de cumprir un requisito fóra do prazo establecido nas bases.

Como se observa, a xustificación da inclusión dun estudo xeolóxico e xeotécnico, motivándoo co incremento do custe na partida anteriormente mencionada, carece de xustificación, xa que no proxecto reformulado enviado o día 25 de marzo non se inclúe dito estudo xeolóxico e xeotécnico, e queda condicionada á súa realización nun momento posterior, tal e como se recolle na páxina 32 do mencionado proxecto : “(...) Así pois, eliminamos a xustificación anterior, e reiteramos a necesidade de realización dun estudio xeotécnico que apoie este argumento, que se aportará ó expediente tan pronto coñezamos os resultados (...)”.

En consecuencia, o órgano instructor non pode admitir esta documentación, por resultar extemporánea, por non tratarse dun erro material cuxa apreciación se desprende da documentación obrante no propio expediente e por carecer de xustificación suficiente, xa que no proxecto orixinal tómanse os datos xa obtidos do Plan Especial de Reforma Interior de O Pombal para facer unha estimación da capacidade portante do terreo e define tres tipoloxías de terreo en base a estudos xeotécnicos previos realizados que, segundo indica o propio proxecto, fixéronse “nos últimos tres anos” e “a menos de 100 metros da zona de actuación”. Tendo en conta esta información, conclúese coa definición das tipoloxías de tratamento do terreo para a correcta realización das actuacións proxectadas.

En base ós datos aportados e á toma de decisións respecto ás actuacións que involucran a capacidade portante do terreo, o propio proxecto considera unha suficiente definición do terreo e polo tanto xustifica a non necesidade dun estudio xeotécnico.





Por outra banda, o concello enlaza esta idea co expresado na base 18ª das reguladoras do procedemento, que establece os supostos e regras para proceder á reformulación dos proxectos técnicos unha vez concedida a subvención; é dicir, para proxectos que cumpren os requisitos de subvencionabilidade e baixo unha serie de circunstancias debidamente acreditadas e xustificadas, e non en base a conxeturas ou hipóteses non contrastadas. Neste senso, a reformulación en ningún caso pode usarse para intentar eludir o cumprimento dun requisito esencial e non emendable, que debe cumprirse dentro do prazo de presentación de solicitudes, para intentar cumprilo moi posteriormente, case cinco meses fóra do prazo establecido, e así poder obter a subvención, xa que isto suporía unha clara desviación de poder ó apartarse da finalidade pretendida.

Ademais, non se trata dunha evidencia real da existencia dun erro material no proxecto, deducible de maneira natural e sen esforzos interpretativos a partir do contido do propio proxecto, senón que se intenta xustificar a posible conveniencia de modificalo coa finalidade de realizar un estudo xeotécnico, mediante a duplicación do tempo de man de obra e maquinaria, así como o cambio dunha pala por outra unhas cinco veces máis custosa na partida 2.1 do proxecto. É dicir, xustifícase este cambio con argumentos non concluíntes, carentes de soporte documental e baseados en meras hipóteses. Así, prodúcese unha modificación do criterio técnico que contradí o recollido na documentación achegada en prazo, sen que se achegue o estudo mencionado, cuxa presentación se difire a un momento posterior. Ademais, a motivación alegada responde unicamente á vontade de prever un hipotético escenario no que puidese resultar necesario, co fin de evitar futuras modificacións durante a execución da obra, o que acentúa o verdadeiro fin perseguido, que sería o incremento do custo do proxecto para acadar o cumprimento dun requisito esencial fóra do prazo previsto nas bases.

Así mesmo, tampouco queda acreditada a necesidade deste estudo xeolóxico e xeotécnico no proxecto achegado o 25 de marzo, tal e como se recolle na páxina 32 do 3º modificado do proxecto: “[...] aconsella realizar un estudo xeotécnico riguroso que confirme os novos supostos [...], [...] suxiren que o tipo de terreo pode ser diferente [...]”, e precisamente se fai esta recomendación tras coñecer que o proxecto non sería subvencionable, argumentando unhas circunstancias que perfectamente podían terse previsto con moita anterioridade, na fase de presentación do proxecto orixinal ou incluso desde o ano 2021 cando se encarga o proxecto orixinal e nas sucesivas adaptacións que se volven ratificar na idea





da non necesidade do estudo, o que evidencia que a nova argumentación se trata dunha suxerencia, recomendación ou intento de xustificación de cambio cuxo fin único é alterar o importe do proxecto para intentar cumprir de forma extemporánea un requisito esencial que se incumpriu de forma manifesta.

SÉTIMO. Ratificación da motivación da desestimación da subvención.

Finalmente, o concello manifesta que a solicitude presentada cumpre cos requisitos esenciais de fondo sobre a finalidade e carácter das actuacións subvencionables, dado que acreditan que o proxecto ten un impacto significativo sobre o ámbito territorial concreto, e que se trata dun proxecto estratéxico, desde o punto de vista do contido material do proxecto. Non obstante, este proxecto non acada o importe mínimo necesario e por tanto non pode considerarse que reúne todos os requisitos esixidos para ser un proxecto subvencionable.

Como xa se expresou ao longo desta resolución, a motivación da desestimación da concesión de subvención ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025) ao Concello de Cambados nada ten que ver cun pronunciamento sobre o impacto ou o carácter estratéxico da actuación.

A exclusión débese unicamente a factores obxectivos, concretamente ao incumprimento das bases reguladoras ao non presentar un proxecto cun orzamento de licitación igual ou superior ao mínimo establecido na base 5ª, cuestión que é esencial e non emendable, polo que procede a súa exclusión, tal e como se recolle na base 6ª.

### III. RÉXIME COMPETENCIAL

De acordo co establecido no artigo 123 da LPACAP, a competencia para resolver é a do mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, neste caso o Pleno da Deputación.

### CONCLUSIÓN

Polo exposto, propónse desestimar o recurso de reposición interposto polo Concello de Cambados contra o acordo número 5.8616 do Pleno da Deputación Provincial da sesión ordinaria de 27/03/2026 no que se acordaba, entre outros extremos, a exclusión do referido concello do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025).



De acordo cos antecedentes e os fundamentos de dereito, xunto á conclusión, no exercicio das competencias recollidas no art. 35 da LRBRL, no artigo 63 do ROFRXEL e as Bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do xefe de Servizo de Cooperación (CSV: C3NASORWOAC8UY8Q), da Secretaría Xeral (CSV: EVT69BQV231K2I9D), a dilixencia de conformidade da Intervención (CSV: 76KCHPJJC0O59DGC), e visto o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 22/05/2026 (CSV: 5BIQZQ535WTUCCKM), o Pleno acorda por maioría, cos votos a favor do PP, cos votos en contra do PSdeG-PSOE e coas abstencións do BNG:

- Desestimar o recurso de reposición interposto polo Concello de Cambados contra o acordo número 5.8616 do Pleno da Deputación Provincial da sesión ordinaria de 27/03/2026 no que se acordaba, entre outros extremos, a exclusión do Concello de Cambados do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025)
- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Cambados, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

6.8659.- **APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO CONSTRUTIVO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-5201 ARBO-CABEIRAS-BARCELA, DO PQ 0+000 AO PQ 0+200 (CONCELLO DE ARBO)”. EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PROXECTO E DO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN. DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA DA OBRA. DECLARACIÓN E URXENTE OCUPACIÓN E MOTIVACIÓN DA URXENCIA (EXPTE. 2026023792)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/P8Iuw02h5nVZF8SSrs5QGd3WTIjZMrEv3civvrbS90wzgtBK>

Antecedentes.



1.- En xaneiro de 2016 a Deputación de Pontevedra presenta o Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais, unha rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, que supón o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade ao amparo do establecido na Lei 7/85 e na Lei de Estradas de Galicia 8/2013. Esta rede provincial atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Cumprindo co Decálogo de Criterios, e coa finalidade de actuar en consonancia coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído e de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia, redactouse o Proxecto construtivo de obras de “Mellora da mobilidade peonil na EP-5201 Arbo – Cabeiras – Barcela, do PQ 0+000 ao PQ 0+200 (Concello de Arbo)”.

O proxecto desenvólvese na súa integridade no Concello de Arbo, actuando no treito comprendido entre o PQ 0+000 e o PQ 0+200 da EP-5201 Arbo – Cabeiras - Barcela, co fin de mellorar a funcionalidade da vía e a súa seguridade, tanto para o tráfico rodado como peonil.

A solución proxectada busca darlle prioridade o tráfico peonil, incrementando o espazo ocupado polas beirarrúas e dotar ós autobuses dunha zona de apeadoiro e outra para o cambio de sentido, de forma que poidan realizar ditas manobras en condicións de seguridade.

Con este fin disporanse beirarrúas en ámbalas marxes cun ancho de 2,5 metros, salvo en treitos puntuais, sendo a anchura mínima de 1,80 metros, dando así cumprimento á normativa de Accesibilidade.

Para o tráfico rodado disporanse dous carrís de circulación de 3,00 metros de ancho cada un e beiravías de 50 cm. Os autobuses contarán cun novo carril que funcionará como apeadoiro e dará acceso directo ó cambio de sentido obtido coa remodelación da intersección da estrada co viario local.

Coa finalidade de incrementar a seguridade viaria da estrada e actuar como medida de calmado do tráfico rodado manteranse os dous pasos de peóns sobreelevados existentes e executarase un novo ó final do treito. Tamén se substituirán as luminarias existentes e completarase a actuación coa sinalización



horizontal e vertical da estrada e coa colocación dunha varanda modular urbana para a contención de peóns en aceiro galvanizado.

O orzamento das obras proxectadas ascende a trescentos setenta e dous mil cento trinta e dous euros con cincuenta e un céntimos (372.132,51€). Os prezos xustos polas expropiacións necesarias estímanse en trinta e cinco mil seiscientos dezaseis euros con doce céntimos (35.616,12€).

2. A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, o Concello de Arbo e a Deputación de Pontevedra asinaron un convenio de colaboración en data 25 de marzo de 2026 para a execución das anteditas obras. De conformidade co convenio formalizado, o importe total dos prezos xustos polos bens e dereitos afectados finánciase integramente pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Consideracións legais e técnicas.

1ª.- Lexislación aplicable.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (RXEG).
- Lei de 16 de decembro de 1954 sobre Expropiación Forzosa (LEF), e o seu regulamento, aprobado por Decreto de 26 de abril de 1957 (RLEF).
- RD Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana (TRLRU), e o RD 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o regulamento de valoracións da Lei do Solo.
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROFRXEL).



- Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.

## 2ª.- Documentación.

Constan no expediente os seguintes documentos:

- Proxecto das obras con Código Seguro de Verificación (CSV: M2ZADK79ATUPB31O) redactado polo enxeñeiro Pablo Blanco Ferreiro.
- No anexo 10 do antedito proxecto sinálanse os terreos e bens que é necesario expropiar. A relación de parcelas e bens afectados figuran no Anexo I do presente Informe-Proposta.
- Informe, de 12/11/2025, de supervisión favorable do proxecto no que se fai constar que o proxecto cumpre coa normativa urbanística e ambiental e a necesidade de expropiación.
- Informe do director de Infraestruturas de 13/04/2026 respecto da declaración de urxencia de ocupación e motivación desta.
- Notas simples negativas do Rexistro da Propiedade de Ponteareas con entrada no rexistro electrónico da Deputación de Pontevedra o 9 de abril de 2026, e certificacións catastrais das parcelas obxecto de expropiación.

Segundo o artigo 3.2 da LEF, salvo proba en contrario, a Administración que expropie considerará propietario ou titular a quen conste con este carácter en rexistros públicos que produzan presunción de titularidade que só poida ser destruída xudicialmente ou, na súa falta, a quen apareza con tal carácter en rexistros fiscais ou, finalmente, ao que o sexa pública e notoriamente.

O artigo 17 da LEF esixe que a Administración formule unha relación concreta e individualizada na que se describan, en todos os aspectos, material e xurídico, os bens ou dereitos que considere de necesaria expropiación. Tras a exposición pública por medio do Boletín Oficial da Provincia e dos taboleiros do concello, aprobaranse definitivamente a relación de propietarios e bens afectados, declarándose a necesidade de ocupación destes.

O acordo será publicado e notificado aos expropiados, iniciándose así o expediente de expropiación (artigo 20.2 do RLEF).

Nos casos de indeterminación ou descoñecemento dos titulares ou dos seus domicilios, a notificación deberá realizarse simultaneamente por Edictos no





Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello, en cuxo termo radiquen os bens (artigo 20.4 do mencionado Regulamento).

Unha vez realizado o Edicto de notificación no Boletín Oficial da Provincia, ante a falta de coñecemento do titular ou do domicilio deste e para que se lle poida notificar o expediente nas súas sucesivas actuacións, a LEF dispón que “se entenderán as dilixencias co Ministerio Fiscal cando, efectuada a publicación a que se refire o artigo 18, non compareceren no expediente os propietarios ou titulares (artigo 5.1)”.

### 3ª.- Motivación da declaración da urxencia da ocupación.

O artigo 56.1 do RLEF establece que “1. O acordo polo que se declare a urxente ocupación de bens afectados por unha expropiación, deberá estar debidamente motivado, coa exposición das circunstancias que, de ser o caso, xustifican o excepcional procedemento previsto no artigo 52 da Lei e contendo referencia expresa aos bens aos que a ocupación afecta ou ao proxecto de obras no que se determina, así como ao resultado da información pública na que por imposición legal ou, no seu defecto, por prazo de quince días, se oíra aos afectados pola expropiación de que se trate”.

No expediente consta o informe emitido polo director de Infraestruturas de 26 de marzo de 2026 no que sinala que “Dende o punto de vista técnico, considérase axeitado iniciar o expediente expropiatorio pola vía da urxencia, xa que a zona de actuación carece dun espazo destinado ao tránsito peonil, o que provoca que os peóns camiñen pola calzada -entorno destinado á circulación de vehículos- e se creen situacións de perigo cos vehículos que discorren por ela.

Para eliminar esta zona perigosa existente na que os peóns camiñan pola calzada, vese necesario por seguridade viaria executar unha senda peonil que permita o tránsito peonil seguro, véndonos obrigados a expropiar de forma urxente 33 parcelas de titularidade privada para poder conseguir así unha maior seguridade viaria na zona de actuación tanto para os peóns como para os vehículos motorizados”.

O artigo 56.1 do REG (efectos da aprobación definitiva dos proxectos) establece:

“1. A aprobación definitiva dos anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción implicará, para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes:

- a) A declaración de utilidade pública.
- b) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes e dos préstamos necesarios para executalas, sempre que veñan previstos no seu proxecto.
- c) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para o trazado de planta do proxecto.



- d) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para as modificacións do proxecto que, de ser o caso, se puideren aprobar posteriormente.
  - e) A declaración da urxencia da ocupación.
2. Para os efectos do previsto no número anterior, será imprescindible que o anteproxecto, proxecto de trazado ou proxecto de construción aprobado definitivamente inclúa, entre os documentos que o compoñen, a relación concreta e individualizada na cal se describan, en todos os aspectos materiais e xurídicos, os terreos, bens, servidumes e demais dereitos reais que se considere necesario ocupar para a execución da obra ou para a reposición dos servizos afectados pola súa execución, coa identificación das súas persoas titulares, así como a representación gráfica da delimitación das ocupacións necesarias, e que se tivesen realizado os trámites esixidos pola lexislación en materia de expropiación forzosa.
3. Logo de aprobados definitivamente os anteproxectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción, as limitacións á propiedade e á titularidade doutros dereitos establecidos na lexislación de estradas de Galicia e neste regulamento serán efectivas respecto dos terreos que afecten a actuación correspondente (artigo 22.6 LEG)."

#### 4ª.- Información pública – Prazo de exposición pública.

O artigo 93 do TRRL dispón: "A aprobación dos proxectos de obras locais axustarase ao procedemento legalmente establecido. En todo caso, as provinciais, unha vez tomados en consideración os proxectos pola Deputación Provincial, serán sometidos a información pública con carácter previo á súa resolución definitiva".

A regulación dos estudos e proxectos para construír novas estradas ou modificar as existentes e o procedemento para a súa aprobación contense nos artigos 15 a 22 –ambos incluídos– da LEG e 44 a 57 do RXEG.

Con respecto á información pública régulanse os supostos de información pública preceptiva no artigo 21.1 da LEG e 49.1 e 2 do RXEG. Son preceptivos -información pública e informe das administracións afectadas- nos seguintes supostos establecidos no artigo 49.1 e 2 do RXEG:

- "a) Construción de novas estradas ou treitos delas que non se previsen no planeamento urbanístico municipal.
- b) Modificacións substanciais de estradas existentes que afecten de xeito significativo o planeamento urbanístico municipal, entendendo que existe afección significativa nos seguintes supostos:
  - 1º. No caso de treitos urbanos, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e as aliñacións oficiais marcadas no correspondente instrumento de planeamento urbanístico.
  - 2º. No caso de treitos non urbanos de estradas que atravesen solo non clasificado como rústico polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e a liña límite de edificación. (Artigo 21.1 LEG)."



“2. Tamén serán sometidos aos trámites de información pública en materia de estradas e de informe das administracións afectadas aqueles estudos ou proxectos de:

- a) Actuacións que deban ser sometidas a avaliación ambiental, segundo a lexislación básica e autonómica sobre a materia.
- b) Actuacións que requiran un estudo de viabilidade, por estar prevista a súa execución e explotación en réxime de concesión de obra pública, segundo o esixido na lexislación de contratos do sector público.
- c) Actuacións en municipios que carezan de planeamento urbanístico municipal, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e en terreos que teñan a consideración de urbanos, segundo os criterios previstos na lexislación urbanística.”

No artigo 49.3 do RXEG establécese que no resto de estudos e proxectos, a decisión de sometemento aos trámites de información pública e de informe das administracións afectadas será potestativa da administración promotora da actuación.

Finalmente, no 49.4 do RXEG establécese que: “Para os efectos deste artigo, en ningún caso terán a consideración de novas estradas as duplicacións de calzada, os acondicionamentos de trazado, os ensanches da plataforma, as melloras de firme e, en xeral, todas aquelas outras actuacións que non impliquen un cambio da súa clasificación ou que non supoñan unha modificación substancial na funcionalidade dunha estrada preexistente”.

Segundo a normativa reguladora das estradas de Galicia, atendendo ao exposto na memoria do proxecto e ao informe de supervisión, non estamos ante un suposto de necesidade de sometemento a información pública e informe das administracións afectadas para os efectos de tramitación da aprobación do proxecto. Non obstante a esixencia de que a aprobación definitiva do proxecto se tivesen realizado os trámites esixidos pola lexislación en materia de expropiación forzosa obriga á exposición pública por un período de quince días (art. 17 e 56.1 do RLEF) da relación dos bens e dereitos, para que as persoas interesadas poidan formular alegacións sobre a procedencia da ocupación ou disposición dos bens e sobre o seu estado material ou legal. Esta consideración, unida á previsión do artigo 93 do TRRL tal e como se sinalou en informe de Secretaría de 12/02/2021, lévanos a concluír que a exposición pública ha de ter lugar podendo ser, simultánea á exposición do proxecto e á da relación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa.

Con respecto do prazo de exposición do proxecto se temos en conta o establecido no derradeiro parágrafo do artigo 83.2 da LPACAP non podería ser inferior a vinte días.



### 5ª Aprobación do proxecto.

Con respecto da Administración competente para a aprobación do proxecto segundo as circunstancias concorrentes neste expediente, considerase que do xogo combinado dos artigos 16 e 22.3 e 4 da LEG, así como dos artigos 55.3, 4 e 5, do REG, dedúcese, a salvo criterio mellor fundado, que a aprobación definitiva dos proxectos de obras promovidos polas Entidades Locais corresponderíalle á Xunta de Galicia:

- Cando precisen de exposición pública segundo o artigo 21.1 e no trámite algunha Administración expresase de maneira motivada a súa falta de conformidade co trazado proposto.
- Cando simultaneamente precisen de información pública segundo o art. 21.1 da Lei; e non se encontren incluídos nalgún dos instrumentos que sinala o artigo 22.4 (o Plan director de estradas de Galicia, o plan sectorial de estradas da administración promotora, nin no planeamento urbanístico municipal).

De tal forma que, de non precisar de información pública, a aprobación definitiva lle correspondería á propia Entidade local, sendo así mesmo a competente cando procedendo tal información non se presentase desconformidade co trazado por ningunha Administración e a actuación estea prevista nalgún dos instrumentos anteriores.

Na Deputación a competencia para a aprobación do proxecto (inicial e definitiva), coas declaracións implícitas que supón a efectos da expropiación, estímase reside no Pleno de conformidade co art. 3.4 do RLEF. Non se encontrou precepto que implique acordo con maioría cualificada (art. 47 Lei 7/1985).

Conforme á memoria do proxecto non estamos ante a construción dunha estrada nova ou treito dela non previsto no planeamento urbanístico municipal, nin ante unha modificación substancial de estrada existente que afecten de xeito significativo o planeamento urbanístico municipal, entendendo que, segundo a LEG, considérase que existe afección significativa nos seguintes supostos:

“1º. No caso de treitos urbanos, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e as aliñacións oficiais marcadas no correspondente instrumento de planeamento urbanístico.”

O Pleno, con quórum de maioría simple, é o órgano competente para a aprobación inicial e definitiva do proxecto coas declaracións implícitas que



supón para os efectos de expropiación. En data 16 de abril de 2026 a Secretaría Xeral remite informe indicando que non resulta preceptivo a emisión dun informe. Pola súa banda o Servizo de Intervención, en data 13 de maio de 2026, emite informe favorable.

Polo que antecede e de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade, o Pleno acorda por unanimidade a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente o proxecto construtivo de “Mellora da mobilidade peonil na EP-5201 Arbo – Cabeiras – Barcela, do PQ 0+000 ao PQ 0+200 (Concello de Arbo)”, cun orzamento de 372.132,51 € e 35.616,12 € en concepto de expropiacións.

**Segundo.-** Expoñer ao público o proxecto construtivo por medio de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación, para os efectos de reclamacións polo prazo de vinte días hábiles, entendéndose definitivamente aprobado de non producirse estas coa implícita declaración de utilidade pública da obra e da declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados por esta.

**Terceiro.-** Aprobar a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación e a tramitación do procedemento de expropiación.

**Cuarto.-** Expoñer ao público a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación por medio de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación, nun dos diarios de maior circulación da provincia e no taboleiro de edictos do concello onde radican os bens a expropiar, polo prazo de quince días hábiles, co fin de que as persoas interesadas poidan formular alegacións sobre a procedencia da ocupación ou disposición dos bens e sobre o seu estado material ou legal. De non producirse alegacións entenderase definitivamente aprobada.

**Quinto.-** Notificar individualmente ás persoas propietarias/titulares catastrais das parcelas obxecto de expropiación.

**Anexo.-** Relación de bens e dereitos afectados pola expropiación.





| PARC.<br>NÚM. | REF.<br>CATASTRAL | SUPERFICIE<br>EXPROPIACIÓN<br>(m <sup>2</sup> ) | BENS                                                                                                                                                                                                                            |
|---------------|-------------------|-------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 1             | 36001A06000490    | 41,00                                           | 34,00 ml. de peche de arame e postes de formigón                                                                                                                                                                                |
| 2             | 36001A04000655    | 2,00                                            |                                                                                                                                                                                                                                 |
| 3             | 36001A04000673    | 10,00                                           | 1 ud. de portal de 2 follas<br>10,00 m <sup>2</sup> de soleira de formigón<br>8,00 ml. de peche de verxa metálica,<br>postes de pedra e muro de bloque de formigón<br>2,5 m <sup>2</sup> de peche de muro de bloque de formigón |
| 4             | 36001A04000656    | 14,00                                           | 14,00 m <sup>2</sup> de soleira de formigón<br>3,00 ud. de poste de formigón<br>12,00 m <sup>2</sup> de cuberta de fibrocemento sobre postes de formigón                                                                        |
| 5             | 36001A04000657    | 30,00                                           | 1 ud. de portal de 2 follas<br>31,00 ml. de peche de rede metálica con postes de pedra, zócalo de bloques de formigón e formación de emparrado con tubo metálico e arame.                                                       |
| 6             | 36001A06000480    | 385,00                                          |                                                                                                                                                                                                                                 |
| 7             | 36001A04000607    | 21,00                                           | 1 ud. Cancela de 2 follas<br>16,00 ml. de peche de arame metálico con postes de pedra e zócalo de pedra.                                                                                                                        |
| 8             | 36001A04000605    | 26,00                                           | 13,00 ml. de peche de verxa metálica con postes de formigón e zócalo de perpiaño.<br>26,00 m <sup>2</sup> de soleira de formigón<br>1,00 ud. Portal de correioira                                                               |
| 9             | 36001A06000556    | 99,00                                           |                                                                                                                                                                                                                                 |
| 10            | 36001A06000552    | 58,00                                           | 1,00 ud. de castiñeiro                                                                                                                                                                                                          |
| 11            | 36001A06000478    | 274,00                                          |                                                                                                                                                                                                                                 |
| 12            | 36001A06000479    | 96,00                                           | 20,00 m <sup>2</sup> verxa metálica<br>40,00 m <sup>2</sup> peche de bloque de formigón<br>2,00 ud. árbore<br>6 ud. plantas                                                                                                     |
| 13            | 36001A04000604    | 10,00                                           | 14,00 ml. peche de rede metálica con postes de formigón e zócalo de bloque de formigón<br>1,00 ud. portal de 1 folla<br>1,00 ud. limoeiro                                                                                       |



7.8660.- **RESOLUCIÓN DOS RECURSOS DE REPOSICIÓN  
INTERPOSTOS FRONTE Á APROBACIÓN  
DEFINITIVA DO PROXECTO CONSTRUTIVO  
“MELLORA DA SEGURANZA VIARIA E SENDA  
PEONIL NA EP-0601 PORTOSANTO-CAMPELO-PO-  
308, DENDE O PQ 2+410 ATA O PQ 3+510  
(CONCELLO DE POIO)” (EXPTE. 2025045388)**

Acceso ás intervencións:

<https://deputacion.seneca.tv:443/s/h8envQcSnaDqFQMAozowUiDwqF6fuiptd1JgvYpcxy4MpKMN>

Antecedentes

Primeiro.- En data 12 de xuño de 2025 asinouse un convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Poio para a execución das obras de “Mellora da seguranza viaria e senda peonil na EP-0601 Portosanto – Campelo – PO-308, dende o PQ 2+410 ata o PQ 3+510 (Concello de Poio)”.

De conformidade co convenio formalizado, correspóndelle á Deputación tramitar e xestionar o expediente de expropiación e o importe total dos prezos xustos polos bens e dereitos afectados financiarase integramente polo Concello de Poio.

Segundo.- O Pleno da Deputación na sesión de 27 de febreiro de 2026 acordou:

- Aprobar definitivamente o proxecto construtivo de “Mellora da seguranza viaria e senda peonil na EP-0601 Portosanto – Campelo – PO-308, dende o PQ 2+410 ata o PQ 3+510 (Concello de Poio)” cun orzamento de 1.829.667,52 € e 72.409,97 € en concepto de expropiacións.
- Estimar as alegacións presentadas por Consuelo García Sobral, Marta Isabel Romay López e Eulogio Caldas Fontecha.
- Desestimar as alegacións presentadas por Ana María Jesús Romay Graña, Elvira Torres Casas, Elvira Martínez Torres, María Jesús Pousada Vicente, Ana María Pousada Vicente, María del Carmen Marín Carballa, Natalia María Penide Calvar, Colesa Temas Legales y de Salud, SL, Manuel Sobral Fernández, Ana María Nieto Quintillán, María Mercedes Romay Caldas, Atala Begoña Paredes Cereijo, Eulogio Caldas Fontecha e Mercedes Consuelo Graña.



- Aprobar definitivamente o expediente de expropiación, declaración de utilidade pública e urxente ocupación dos bens e dereitos conforme á relación que se detalla no Anexo I entendéndose as dilixencias co Ministerio Fiscal en representación das persoas titulares das parcelas que non recolleron as notificacións individuais e non compareceron no procedemento.

Terceiro.- Contra o acordo adoptado polo Pleno en data 27 de febreiro de 2026, que pon fin á vía administrativa, pódese interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes a partir do día seguinte ó desta notificación. Ao respecto, notificáronse individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos bens e dereitos obxecto de expropiación.

Cuarto.- Durante o prazo establecido, presentáronse os seguintes recursos de reposición:

| Data       | Núm. Rexistro | Interesado                         |
|------------|---------------|------------------------------------|
| 26/03/2026 | WEB2026024404 | NATALIA PENIDE CALVAR              |
| 06/04/2026 | WEB2026029088 | COLESA TEMAS LEGALES Y SALUD, S.L. |

Quinto.- D<sup>a</sup>. Natalia Penide Calvar nos fundamentos do recurso, solicita o seguinte:

“Que se declare a nulidade do acordo impugnado, retrotraendo as actuacións para que se subsanen os vicios sinalados, en particular, motivando debidamente a urxencia, valorando a alternativa técnica proposta e sometendo o proxecto á avaliación ambiental.

E subsidiariamente, solicita:

A nulidade da ratificación da declaración de urxente ocupación por falta de motivación.

Que se acorde a modificación puntual do proxecto construtivo no tramo que afecta á súa parcela.

Que se remita o proxecto ao órgano ambiental competente da Xunta de Galicia para que sexa sometido ao procedemento de Avaliación de Impacto Ambiental Simplificada, dada a súa afección ao patrimonio cultural”.

Sexto.- Coleasa Temas Legales y Salud, SL, pola súa parte, plantexa no seu recurso:

“Que os planos incluídos no proxecto non son coherentes coa superficie que se di que é obxecto de expropiación, xa que os planos recollen unha estreita franxa ao longo dos 65 metros de fronte que ten a finca cara á estrada.

E subsidiariamente, solicita:



Que se aclare que superficie se vai afectar na parcela I24, corrixindo no seu caso as superficies afectadas, estaquillando sobre o terreo e informando por escrito dos extremos indicados.”

### Consideracións técnico- xurídicas:

Primeiro.- De acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, interponse recurso potestativo de reposición en tempo e forma por parte de Natalia Penide Calvar e Colesa Temas Legales y Salud, SL, persoas lexitimadas ao efecto.

Segundo.- Unha vez examinados os fundamentos dos recursos interpostos, o enxeñeiro de camiños do Servizo Infraestruturas da Deputación de Pontevedra José Domínguez Fernández, emite o seguinte informe (CSV: PNR1MPQ9KFMGJQQV):

Primeiro: En data 26 de marzo de 2026 D<sup>a</sup> Natalia Penide Calvar presenta un recurso de reposición fronte á aprobación definitiva do proxecto construtivo "Mellora da seguranza viaria e senda peonil na EP-0601 Portosanto-Campelo-PO-308, dende o PQ 2+410 ata o PQ 3+510 (Concello de Poio)" a través do cal formula, en síntese, o seguinte:

Que se declare a nulidade do acordo impugnado, retrotraendo as actuacións para que se subsanen os vicios sinalados, en particular, motivando debidamente a urxencia, valorando a alternativa técnica proposta e sometendo o proxecto á avaliación ambiental.

E subsidiariamente, solicita:

A nulidade da ratificación da declaración de urxente ocupación por falta de motivación.

Que se acorde a modificación puntual do proxecto construtivo no tramo que afecta á súa parcela.

Que se remita o proxecto ao órgano ambiental competente da Xunta de Galicia para que sexa sometido ao procedemento de Avaliación de Impacto Ambiental Simplificada, dada a súa afección ao patrimonio cultural.

En contestación a este recurso de reposición, cómpre sinalar que tal e como se indicou na resposta ás alegacións, o proxecto “Mellora da seguranza viaria e senda peonil na EP-0601 Portosanto – Campelo – PO-308” foi aprobado de forma definitiva polo Pleno da Corporación Provincial o 27 de febreiro de 2026.

A posta en marcha do proxecto, que leva consigo a mellora da estrada e a construción dunha senda peonil, configúrase como unha obra pública de interese xeral de acordo co disposto no artigo 27 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia.

A urxencia de acometer canto antes as obras vén xustificada pola necesidade de mellorar as condicións de seguridade e mobilidade para os peóns e así evitar, na medida do posible, os accidentes e o perigo que o estado actual da estrada supoñen para a circulación, mediante a construción dunha senda peonil na marxe dereita da estrada e a implantación dunha zona de convivencia onde non é posible acadar o largo mínimo de 2,50m. Ademais, contempla a execución de muros de sostemento da estrada, a creación de prazas de estacionamento, a mellora do sistema de drenaxe de augas pluviais, a renovación da iluminación pública e a



reposición daqueles servizos afectados pola execución das obras; contribuíndo todo elo a mellorar notablemente a seguridade viaria do treito obxecto da actuación.

Neste sentido non se debe esquecer que calquera mellora nunha estrada suporá a minoración do risco de accidentes e, en consecuencia, nunha materia na que está en xogo a vida humana a utilidade pública da obra, a urxencia na súa execución está sempre xustificada.

Tendo en conta que a motivación da declaración de urxente ocupación está máis que xustificada, non procedería a anulación do trámite de información pública dado que se realizou de conformidade co disposto na Lei de 16 de decembro de 1954 sobre Expropiación Forzosa.

No que respecta á modificación puntual o trazado da senda peonil ao seu paso pola finca da afectada, non se considera que a solución proposta no proxecto cree puntos cegos máis alá da redución de visibilidade que xa neste momento provoca a vivenda, nin que prexudique á funcionalidade da senda ou teña un menor impacto polo feito de executar outro chaflán que reduciría máis do preciso o ancho da senda nese tramo.

Por último, como xa se indicou na resposta ás alegacións, o proxecto non cumpre os criterios indicados nos Anexos I e II da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de Avaliación Ambiental, polo que a maiores das autorizacións sectoriais xa solicitadas e autorizadas non é necesario que este sexa sometido a ningún procedemento de avaliación ambiental.

Por todo o exposto propónse que se desestime o recurso de reposición interposto pola afectada.

Segundo: En data 6 de abril de 2026, D. Jesús López García, en representación de Colesas Temas Legales y de Salud S.L. presenta un recurso de reposición fronte á aprobación definitiva do proxecto construtivo "Mellora da seguranza viaria e senda peonil na EP-0601 Portosanto-Campelo-PO-308, dende o PQ 2+410 ata o PQ 3+510 (Concello de Poio)" a través do cal formula, en síntese, o seguinte:

Que os planos incluídos no proxecto non son coherentes coa superficie que se di que é obxecto de expropiación, xa que os planos recollen unha estreita franxa ao longo dos 65 metros de fronte que ten a finca cara á estrada.

E subsidiariamente, solicita:

Que se aclare que superficie se vai afectar na parcela I24, corrixindo no seu caso as superficies afectadas, estaquillando sobre o terreo e informando por escrito dos extremos indicados.

En contestación a este recurso de reposición, cómpre sinalar que tal e como se indicou na resposta ás alegacións, o proxecto construtivo non ofrece dúbidas en relación coa superficie a expropiar nin coa morfoloxía da mesma, tendo en conta sempre que a forma da parcela obtense dos datos que proporciona a Dirección Xeral do Catastro. Polo tanto vólvese a indicar que a expropiación será de 336 m<sup>2</sup>.

A maiores, o día 21 de abril de 2026 procedeuse á marcación da zona de expropiación correspondente á parcela I24 polos técnicos de topografía do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, estando presente no momento o representante da propiedade e quedando acreditada a afectación do proxecto sobre a parcela.

Por todo o exposto propónse que se desestime o recurso de reposición interposto pola afectada.”





Terceiro.- Sinala o artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación ao acordo cando se incorpore ao texto do mesmo.

Cuarto.- Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.
- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (RXEG).
- Lei de 16 de decembro de 1954 sobre Expropiación Forzosa (LEF), e o seu regulamento, aprobado por Decreto de 26 de abril de 1957 (RLEF).
- RD Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana (TRLRU), e o RD 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da Lei do Solo.
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROFRXEL).
- Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.

Polo que antecede e de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade, o Pleno acorda por unanimidade desestimar os recursos de reposición interpostos por Natalia Penide Calvar e Colesa Temas Legales y de Salud, SL, en base aos motivos e fundamentos expostos no presente informe proposta e no informe técnico do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.



8.8661.- **PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA PARA A MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO PERSOAL EVENTUAL (EXPTES. 2026040781-2025070722)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/dC4Kgg0mbJH82YFNdDTXe9wX23pPa6J0J70KOfr866w463rj>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría, cos votos a favor do PP e coas abstencións do PSdeG-PSOE e do BNG, aprobar a proposición da Presidencia relativa á modificación da relación de postos de traballo do persoal eventual, pola transformación dun posto de asesor/a de prensa nun posto de director/a de acción municipal e investimentos, cuxo contido é como segue:

“De conformidade co disposto nos artigos 104 e 104 bis da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, 176 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, 12 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e 29 a 31 e 201 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, propónse modificar a relación de postos de traballo de persoal eventual, de confianza e asesoramento especial, para transformar un posto de asesor/a de prensa, nun posto de director/a de acción municipal e investimentos, equivalente a un subgrupo A1, co fin de reforzar e dar maior apoio ás liñas de actuación que derivan desta área de goberno.

Dita modificación implica a amortización do posto anterior e a creación dun novo posto, con distintas funcións e retribucións, o que se leva a cabo conforme ao seguinte detalle:

Posto anterior que se amortiza

| Custo total por 6 meses | Retrribución anual | Retrribucións 6 meses | Seg. social 6 meses | Total 6 meses 2026 |
|-------------------------|--------------------|-----------------------|---------------------|--------------------|
| 1 Asesor/a de prensa    | 48.467,17 €        | 24.233,59 €           | 7.701,44 €          | 31.935,02 €        |

Posto de nova creación

| Custo total por 6 meses                          | Retrribución anual | Retrribucións 6 meses | Seg. social 6 meses | Total 6 meses 2026 |
|--------------------------------------------------|--------------------|-----------------------|---------------------|--------------------|
| 1 Director/a de acción municipal e investimentos | 65.699,95 €        | 32.849,98 €           | 10.439,72 €         | 43.289,70 €        |



| Custo total por 6 meses | Retribución | Retribucións<br>6 meses | Seg. Social<br>6 meses | Total 6 meses<br>2026 |
|-------------------------|-------------|-------------------------|------------------------|-----------------------|
| Diferenzas              | 17.232,78 € | 8.616,39 €              | 2.738,29 €             | 11.354,68 €           |

O aumento do custo salarial total para este ano 2026, por seis meses, ascende a 8.616,39 € en concepto de retribucións, e 2.738,29 € en concepto de seguridade social, cantidades que se imputaran ás aplicacións orzamentarias 26/912.9120.110.01 e 26/912.9120.160.02.

Na resolución de nomeamento indicárase o contido das funcións, tarefas ou labores encomendadas, propios dos servizos xerais da Corporación Provincial para a súa posterior inclusión na relación de postos de traballo da Corporación.

Esta retribución será actualizada en función do establecido na Lei de orzamentos xerais do Estado de cada ano.

Este acordo será publicado na forma prevista no apartado 5 do artigo 104 bis da LRBRL, e no portal de transparencia da Deputación en aplicación do artigo 8.1 f) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno, así como os respectivos nomeamentos do persoal eventual.

O Presidente da Deputación Provincial informará ó Pleno con carácter trimestral do número, características e retribucións do persoal eventual.”

9.8662.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A QUE REMATE TODAS AS OBRAS E ACTUACIÓNS PENDENTES QUE TEN NO CONCELLO DE PONTEVEDRA (EXPTE. 2026041132)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/zaC0BjbEHFCgSrNXahzlv2B6g5rIfRse0hraBYVzKcV6dQHK>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría, cos votos a favor do PP e do BNG e coas abstencións do PSdeG-PSOE, aprobar a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) para instar ao Goberno de España a que remate todas as obras e actuacións pendentes que ten no Concello de Pontevedra, cuxo texto é o seguinte:



## “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno de España continúa coa súa constante discriminación, menosprezo e falta de respecto en toda a provincia, pero especialmente no Concello de Pontevedra no que se refire a infraestruturas e mobilidade. O Concello de Pontevedra ten bloqueadas varias infraestruturas estratéxicas tanto para a cidade como para a súa comarca, polo que desde o Grupo Provincial do PP esiximos a súa inmediata posta en marcha.

O que está a ocorrer na capital da provincia por parte do Executivo central en mans do PSOE é completamente intolerable e incluso esperpéntico, xa que anuncian obras, anuncian orzamentos, incluso comezan algunha das obras e sen aviso ningún, logo as paralizan. A cidade merece investimentos reais e non máis bloqueos, xa que non pode ser un territorio máis olvidado e ninguneado polo goberno de Pedro Sánchez.

Desde o PP Provincial non imos tolerar esta falta de respecto cara os nosos cidadáns. Non imos a tolerar máis agravios e non imos consentir que o Goberno ataque e discrimine á cidade de Pontevedra desta maneira, polo que imos facer todo o que sexa posible no eido político e administrativo para que a capital provincial sexa atendida como lle corresponde. E ademais non podemos entender que isto conte co aplauso e beneplácito do PSOE local e provincial e cunha cativa crítica covarde do BNG.

Pontevedra non pode seguir sendo unha cidade castigada polo Goberno central, xa que estas dinámicas de retrasos e bloqueos nas súas necesarias infraestruturas estanse a repetir durante os últimos anos de maneira continuada.

A continuación, detállase o estado de parálise de cada un dos catro proxectos que centran as reclamacións:

- **Nó de Bombeiros (Acceso norte da AP-9).** As obras atópanse totalmente paralizadas e sen data de continuación, xa que o Goberno central confirmou que o seu freo débese a problemas xeotécnicos detectados no terreo. Mentres, seguimos á espera da aprobación da redacción dun proxecto modificado para axustar o orzamento e as solucións técnicas, o que é unha



escusa máis que deixa parada unha infraestrutura fundamental para mellorar a mobilidade e seguridade nun dos principais accesos á cidade.

- Continuos anegamentos na Autovía de Marín (PO-11). Este vial sofre frecuentes cortes de tráfico por anegamentos. Xa se presentaron iniciativas no Congreso esixindo solucións urxentes, xa que os cortes afectan gravemente a milleiros de cidadáns, ao tráfico pesado e ao acceso ao Porto de Marín. A PO-11 é unha vía fundamental para o movemento da poboación e tamén para o desprazamento do tráfico portuario e, recurrentemente, cando coinciden determinadas circunstancias meteorolóxicas, a estrada inundase e cortase. O último corte supuxo que mil camións quedaran bloqueados sen poder acceder ao porto de Marín.
- Dragaxe do Río Lérez. O proxecto para retirar os sedimentos e recuperar a navegabilidade do río segue bloqueado de forma crónica. Atópase atrapado en complexos trámites e esixencias ambientais por parte de Costas do Estado. A dragaxe é unha das principais reivindicacións da cidadanía de Pontevedra desde hai décadas, xa que é unha actuación de gran importancia estratéxica para o futuro da ría. A falta de calado que ten actualmente condiciona o futuro económico de centos de persoas. Fai un mes o PSOE pontevedrés fixo un intento de alarmismo, en boca do subdelegado do Goberno en Pontevedra, dicindo que había presenza de mercurio nos áridos que se van dragar do Lérez, polo que non só retrasan esta actuación - bloqueada durante 4 anos por parte do mesmo Ministerio-, senón que tamén tentan tapar as súas torpezas con mentiras, xa que son áridos inocuos non contaminantes.
- Antigo Edificio de Facenda (Praza de San Francisco). O proxecto de rehabilitación estrutural do inmovible de propiedade estatal permanece completamente paralizado e en estado de abandono. O edificio, catalogado como Ben de Interese Cultural, está pechado desde 2010 e agora está valado debido ao progresivo deterioro do seu tellado e da súa fachada. O PP de Pontevedra, a través de sucesivas mocións municipais, esixiu o desbloqueo inmediato desta infraestrutura e solicitou ao Goberno central que o inmovible se converta no futuro Arquivo Provincial.
- Paseo peonil entre Pontevedra e Marín. O pasado mes de febreiro o Estado confirmou oficialmente que non dispón dunha solución para finalizar o





paseo peonil que une Pontevedra e Marín. Admite que “non pode cumprir cos requisitos legais, funcionais, ambientais e económicos” para executar o tramo pendente de arredor de 800 metros, alegando problemas estruturais. Este paseo peonil é unha importante infraestrutura reclamada dende fai moitos anos para mellorar a seguridade viaria, fomentar a mobilidade sostible e reforzar a conexión entre Pontevedra e Marín, polo que é inaceptable que, outra vez máis, se prometan proxectos, e despois se abandonen sen dar nin explicacións nin solucións.

Ante todos estes agravios coa cidade de Pontevedra, o alcalde, Miguel Anxo Fernández Lores, que habitualmente mantén un silencio cómplice e actúa con sumisión cara Pedro Sánchez, incluso chegou a queixarse timidamente o pasado mes de febreiro cando manifestou, textualmente, que o “Goberno de España non está a cumprir nin a portarse ben” coa capital provincial.

Pola súa banda, o propio PSOE de Pontevedra desmarcase da parálise de Costas e do Ministerio de Transportes, á dragaxe do Lérez, xa que admite que leva un atraso intolerable e incluso chegou a recoñecer o anuncio da dragaxe como “unha boa noticia que chega tarde”. E con respecto á autovía de Marín, os socialistas locais tampouco dubidaron en votar xunto ao PP para esixir solucións urxentes e obras inmediatas ante os recorrentes anegamentos e no que se refire ao edificio de Facenda, defenden que o Ministerio debe axilizar a tramitación patrimonial.

Polo tanto, ata as forzas de esquerdas da cidade están a queixarse, aínda que non coa contundencia que merece esta reiterada situación, do maltrato que o Executivo central está causando á cidade, polo que cremos, desde o PP Provincial, que chegou o momento de elevar o tono das reivindicacións para que a paralización destas infraestruturas provinciais se reverta con urxencia.

Por todo iso, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra presenta a seguinte:

## PROPOSTA DE ACORDOS

1. Instar ao Goberno de España a que tome de maneira inmediata as medidas necesarias para recuperar o vello edificio de Facenda e que, forme parte do Arquivo Provincial.



2. Esixir ao Executivo central que axilice de xeito inmediato a aprobación do proxecto modificado do nó de bombeiros e fixe un calendario claro e concreto para a continuación das obras.
3. Reclamar ao Goberno central que adopte solucións inmediatas para paliar os continuos cortes de tráfico da autovía de Marín producidos polos anegamentos e que afectan a centos de cidadáns, empresas e ao porto de Marín.
4. Instar a que de maneira inmediata o Goberno central desbloquee a situación da dragaxe do río Lérez, que é unha das principais reivindicacións da cidadanía de Pontevedra desde hai décadas, e de gran importancia para o futuro da ría.
5. Esixir ao Goberno central a procura inmediata dunha alternativa técnica viable, e a fixación dun calendario claro de actuación con financiamento garantido para rematar o paseo peonil Pontevedra- Marín.”

10.8663.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA (PSdeG-PSOE) PARA INSTAR Á DEPUTACIÓN Á MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E DA ACCESIBILIDADE NA ESTRADA PROVINCIAL EP-7206 AO SEU PASO POLA CARBALLEIRA DE SAN MARCOS, NA PARROQUIA DE PARDESOA (FORCAREI) (EXPTE. 2026041148)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/YahVINX3pfhgdJvFxFfAXQ1aGxSAY583BY6BaelOegXaGyeV>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade, acorda por maioría de votos en contra do PP e cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG, rexeitar a Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-APSOE) para instar á Deputación á mellora da seguridade viaria e da accesibilidade na estrada provincial EP-7206 ao seu paso pola Carballeira de San Marcos, na parroquia de Pardeso (Forcarei).

11.8664.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA (PSdeG-PSOE) PARA A POSTA EN MARCHA DUN PLAN PROVINCIAL DE CUNETAS DE**



## **SEGURIDADE NAS ESTRADAS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (EXPTE. 2026041149)**

Acceso ás intervencións:

[https://depontevedra.seneca.tv:443/s/MEo6IxMNtbnwtuKcRjJ0ZKDH  
EhMefg4vdpJSEpf7T3ewKoJ](https://depontevedra.seneca.tv:443/s/MEo6IxMNtbnwtuKcRjJ0ZKDH<br/>EhMefg4vdpJSEpf7T3ewKoJ)

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade, acorda por maioría de votos en contra do PP e cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG, rexeitar a Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para a posta en marcha dun plan provincial de cunetas de seguridade nas estradas da Deputación de Pontevedra.

### **12.8665.- ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Acceso ás intervencións:

[https://depontevedra.seneca.tv:443/s/DbbDc3ik8OqeNI33968NILwufM  
RPUMzB7gVePeM953Ko2AHB](https://depontevedra.seneca.tv:443/s/DbbDc3ik8OqeNI33968NILwufM<br/>RPUMzB7gVePeM953Ko2AHB)

Non houbo.

#### **b) Parte de información e control:**

### **13.8666.- DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES CORRESPONDENTE Ó MES DE ABRIL DE 2026 (EXPTES. 2026040784-2026037164)**

Acceso ás intervencións:

[https://depontevedra.seneca.tv:443/s/BzH0yvlSN82Rd3ya6irkp70xrs5W  
Q2b8yIYHP4wwgpyRZdP8](https://depontevedra.seneca.tv:443/s/BzH0yvlSN82Rd3ya6irkp70xrs5W<br/>Q2b8yIYHP4wwgpyRZdP8)

A Intervención elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de abril de 2026, asinado pola Viceinterventora e polo Xefe do Servizo de



Contabilidade e Auditoría con data 11 de maio de 2026, onde se deixa constancia do seguinte:

“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior.

Á vista deste precepto legal o Servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio do Deza Tabeirós correspondente ao mes de abril de 2026 que se expón a continuación:

#### PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES ABRIL 2026

| Entidade                            | Mes   | Ratio Operacións Pagadas | Importe Pagos Realizados | Ratio Operacións Pendentes | Importe Pagos Pendentes | Período Medio de Pago |
|-------------------------------------|-------|--------------------------|--------------------------|----------------------------|-------------------------|-----------------------|
| Deputación de Pontevedra            | Abril | 11,0900000000            | 3.847.345,39             | 8,0100000000               | 2.430.411,10            | 9,8975889532          |
| Escola de Enfermería                | Abril | 2,0000000000             | 2.139,49                 | 0,0000000000               | 0,00                    | 2,0000000000          |
| Consorcio de Incendios e Salvamento | Abril | 2,9100000000             | 39.105,14                | 0,0000000000               | 0,00                    | 2,9100000000          |
| Consorcio Deza Tabeirós             | Abril | 11,9600000000            | 19.073,05                | 10,0000000000              | 8.310,04                | 11,3651920948         |
| TOTAL                               |       |                          | 3.907.663,07             |                            | 2.438.721,14            | 9,8582027547          |

En base aos cálculos detallados neste informe ponse de manifesto que se cumpre co período



medio de pago legalmente previsto”.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na sesión ordinaria do día 22 de maio de 2026 tomou coñecemento do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de abril de 2026 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, o Pleno queda enterado do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de abril de 2026 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

14.8667.- **DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN  
SOBRE O CONTROL FINANCEIRO DE  
SUBVENCIONS 2023 (EXPTES. 2026040786-  
2025016467)**

Acceso ás intervencións:

[https://depontevedra.seneca.tv:443/s/0Oaf9DB1AdjTLJfgrrlDHP1Qjfk  
oarQTkvykFXK7huSLXtn](https://depontevedra.seneca.tv:443/s/0Oaf9DB1AdjTLJfgrrlDHP1QjfkoarQTkvykFXK7huSLXtn)

A Intervención elaborou un informe sobre o control financeiro de subvencións concedidas no exercicio 2023, asinado pola Viceinterventora e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría, con data 29 de abril de 2026, onde se deixa constancia do seguinte:

“INFORME DE CONTROL FINANCEIRO DE SUBVENCIONS 2023.

1. INTRODUCCIÓN.

O presente informe refírese ao traballo de control financeiro de subvencións concedidas no exercicio 2023.





A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, establécese un sistema de seguimento a través do control e avaliación de obxectivos, dentro dos cales se pode encadrar a actividade de control financeiro das subvencións. Este vén esixido polo artigo 44 da Lei que, no seu apartado 3, establece que a competencia para o exercicio do control financeiro de subvencións lle corresponderá á Intervención Xeral da Administración do Estado; así mesmo, na Disposición adicional 14ª establécese que os procedementos regulados nesta Lei se adaptarán regulamentariamente ás condicións de organización e funcionamento das corporacións locais.

No que se refire á competencia para exercer o control financeiro das subvencións, a disposición adicional décimo cuarta da Lei Xeral de Subvencións establécese que “a competencia para exercer o control financeiro das subvencións concedidas polas corporacións locais e os organismos públicos delas dependentes lles corresponderá aos órganos ou persoal funcionario que teñan atribuído o control financeiro da xestión económica das devanditas corporacións referidos nos artigos 213 e seguintes do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais”.

Este informe ten por obxecto informar das actuacións de control financeiro en materia de subvencións planificadas e executadas, grao de cumprimento do Plan, resultado das actuacións, conclusións e formular as recomendacións correspondentes.

Como en exercicios precedentes, no 2023 as subvencións sometíanse ó control de fiscalización previa dos expedientes de concesión e de xustificación. O control financeiro non se estaba realizando na súa integridade xa que a comprobación da aplicación das subvencións consiste na revisión da documentación remitida polas entidades e persoas beneficiarias e cando se trata de axudas para a realización de investimentos, nalgúns casos, realízase a inspección física e verifícase que a xefatura do servizo, que tramitou o expediente da subvención, elaborou un informe sobre o cumprimento da súa finalidade.

Dentro do marco do control financeiro de subvencións se levaron a cabo dous tipos de traballos, por unha banda un Control Financeiro Pleno, e outro co obxectivo de comprobación do período de adscrición das subvencións cuxa finalidade sexa o financiamento de bens inventariables.

O criterio de selección de expedientes atende aos criterios de procedemento de concesión así como o seu importe, de tal xeito que fíxose a selección de todas aquelas subvencións concedidas polo procedemento directo e nominativo que superaron os 35.000,00 € dado que son os de maior volume económico, é onde se concentra mais risco de incumprimentos en función dos traballos de exercicios precedentes, resultando seleccionados 10 expedientes de subvenciones nominativas.

Adicionalmente se seleccionaron mediante sorteo 21 expedientes de subvencións de gasto corrente concedidas por concorrencia competitiva que superaron o importe de 6.000,00 €, ata acadar o 20 % dos concedidos por centro xestor.



En referencia a comprobación de subvencións de inversións o importe mantívose nos 10.000,00 € como nos exercicios anteriores, resultando seleccionados 17 expedientes.

## 2. OBXECTIVOS.

Os traballos de Control Financeiro Pleno das subvencións concedidas no exercicio de 2023, tiveron coma finalidade fundamental verificar:

- A adecuada e correcta obtención das subvencións por parte do beneficiario.
- O cumprimento por parte de beneficiarios e entidades colaboradoras das obrigacións de xestión e aplicación das subvencións.
- A adecuada e correcta xustificación das subvencións por parte dos beneficiarios e entidades colaboradoras e a consecución do obxecto da subvención.
- A realidade e regularidade das operacións que, de acordo coa xustificación presentada polos beneficiarios e colaboradores, foron financiadas coa subvención.
- O adecuado financiamento das actividades subvencionadas.
- A existencia de feitos, circunstancias ou situacións non declaradas á Administración polos beneficiarios, que poidan afectar á correcta obtención, utilización, gozo ou xustificación da subvención, así como a realidade e regularidade das operacións por ela financiadas.

Este control a posteriori realízase mediante a técnica de auditoría pública.

Sobre as actuacións de control, estas consisten en:

- O exame de rexistros contables e estados financeiros que as soportaban.
- Operacións individualizadas relacionadas ou que afectasen ás subvencións concedidas.
- A comprobación de aspectos parciais e concretos dunha serie de actos relacionados con estas.
- A comprobación material dos investimentos financiados.
- As actuacións concretas de control que se debían realizar conforme á normativa reguladora.

Polo que se refire ás actuacións de comprobación do período de adscrición, estas consisten en:

- O exame da conta xustificativa.
- A solicitude de remisión de todas as facturas que se reflicten na mesma.
- Solicitude dos xustificantes de pago de todas elas, ou copia compulsada.
- Información sobre outras axudas recibidas ca mesma finalidade co obxecto de cruzala ca que figura na conta xustificativa.
- Extracto bancario onde se reflictan os pagos e os ingresos relacionados ca subvención.



- Calquera outras comprobacións que resulten necesarias.
- Inspección física, emitíndose informe sobre a comprobación in situ de referida adscrición.

### 3. DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE CONTROL FINANCEIRO.

#### 3.1. PLAN DE CONTROL FINANCEIRO.

O Control financeiro en materia de subvencións executouse de conformidade co Plan Anual. Este control se iniciou no exercicio 2025 sobre as subvencións concedidas no ano 2023 xa que na data de realización dos traballos deben estar concluídas as actividades ou investimentos obxecto das diferentes intervencións.

Do total de subvencións excluíronse as subvencións concedidas ós concellos da provincia, outras entidades locais e entes públicos, xa que en cada un deles existe un órgano de control propio que fiscaliza a aplicación correcta dos fondos concedidos. Igualmente, pola presunción dun maior control e conseguinte redución de risco, exclúense aquelas axudas correspondentes con Plans e Programas que se executan conxuntamente, ou en coordinación, cos Concellos por ser estes beneficiarios da actividade desenvolta. Adicionalmente se exclúen tamén aquelas entidades que xa foron obxecto de Control Financeiro no exercicio precedente independentemente do seu resultado, ca finalidade de ir ampliando o número de entidades beneficiarias de subvencións.

Como consecuencia o detalle da mostra de traballo quedou do seguinte xeito:

|                                   | SUBVENCÍONS NOMINATIVAS DO 2023 |               |
|-----------------------------------|---------------------------------|---------------|
| TOTAL DE SUBVENCÍONS 2023         | 88                              | 2.838.813,70€ |
| SELECCIÓN. MAIORES DE 35.000,00 € | 10                              | 505.341,00 €  |
| COBERTURA                         | 11,36 %                         | 17,80 %       |

Foron obxecto de Control Financeiro 10 expedientes de subvencións nominativas, sendo seleccionadas as que superan o importe de 35.000,00 €, dun total de 88 do ano 2023, acadando unha cobertura de 17,80 % do importe concedido .

Por outra banda se seleccionaron por sorteo 20 expedientes concedidos en concorrencia competitiva, entre as de importe superior a 6.000,00 € ata acadar o 20 % dos concedidos por centro xestor, o seu detalle sorteado foi:

| CENTRO XESTOR      | EXP. | 20% |
|--------------------|------|-----|
| BENESTAR SOCIAL    | 5    | 1   |
| CULTURA            | 17   | 3   |
| DEPORTES           | 77   | 15  |
| FOMENTO DE EMPREGO | 4    | 1   |
|                    | 103  | 20  |



A selección por mostraxe se fixo utilizando follas de cálculo nas que figuran os datos de cada un dos expedientes de subvención, procedendo, mediante a función aleatoria (que inclúe Microsoft Excel), a asignar un número entre 0 e 1 con múltiples decimais a cada un dos expedientes. Unha vez feito isto e mediante outra fórmula de Excel (Buscar V) procedeuse a buscar, dentro este rango de números aleatorios asignados, os x números maiores. O que fai esta función é ordenar os expedientes en función do número aleatorio asignado polo programa de maior a menor e así nos permite poder elixir os primeiros da lista en función do número de subvencións que se estimase que se deben revisar en cada un dos grupos.

A determinación dos expedientes a revisar na que a inversión continúa adscrita o obxecto para que foi concedida, fíxose sobre aquelas subvencións concedidas por importe igual ou superior a 10.000,00 €.

| CAP. VII MAIOR OU IGUAL A 10.000,00 € |         |           |            |         |              |        |
|---------------------------------------|---------|-----------|------------|---------|--------------|--------|
| CENTRO XESTOR                         | Nº EXP. | IMPORTE   | TOT. EXPD. | % EXP.  | IMPORTE      | % IMP. |
| MED. AMB.                             | 10      | 248.859 € | 17         | 58,82 % | 429.215,19 € | 57,98% |
| PAT. DOC                              | 7       | 81.673 €  | 8          | 87,50%  | 93.580,77 €  | 87,28% |
| COBERTURA                             | 17      | 330.532 € | 25         | 68,00%  | 522.795,96 € | 63,22% |

### 3.2 DETERMINACIÓN DOS EXPEDIENTES A EXAMINAR.

Reunidos na Deputación de Pontevedra as 12:00 do día 2 de abril de 2025 e estando presentes:

D<sup>a</sup>. Susana Escaloni Varela, Viceinterventora da Deputación de Pontevedra.

D. Julio Souto Diz, Xefe do Servizo de Contabilidade e auditoría da Deputación de Pontevedra.

D<sup>a</sup>. Marta Blach Silva, Técnica de Contabilidade e Control Financeiro da Deputación de Pontevedra.

Procedeuse ó sorteo dos expedientes que formaron parte do Control Financeiro de Subvencións segundo ó establecido no punto VI.1 do “Plan de Control Financeiro de Subvencións concedidas no exercicio 2023”.

En primeiro lugar realízase o sorteo das subvencións de concorrência competitiva, das que se seleccionaron os 20 expedientes sinalados no Plan de Control Financeiro.

Resultando seleccionados os seguintes expedientes:



| <b>20 EXPEDIENTES SORTEO CONCORRENCIA COMPETITIVA (1 COHESIÓN, 3 CULTURA, 15 DEPORTES, 1 FOMENTO DE EMPREGO)</b> |            |                                                     |                                                                                           |                |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|-----------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------|----------------|
| <b>EXPEDIENTE</b>                                                                                                | <b>NIF</b> | <b>TERCEIRO</b>                                     | <b>DETALLE</b>                                                                            | <b>IMPORTE</b> |
| 2022068733                                                                                                       | G36833648  | SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL DE GALICIA              | PROMOVIDO EL EJERCICIO DEL DERECHO A LA ORGANIZACIÓN COMUNITARIA Y LA ALIMENTACIÓN DE LAS | 15.000,00 €    |
| 2023019504                                                                                                       | G94076437  | ASOCIACIÓN XUVENTUDES MUSICAIS EIXO ATLÁNTICO       | 11º FESTIVAL IKFEM                                                                        | 14.152,59 €    |
| 2023019446                                                                                                       | G94176211  | ASOCIACIÓN CULTURAL ASEMBLEA DA MOCIDADE DE VILABOA | CANTEIRAFEST 2023                                                                         | 6.687,49 €     |
| 2023018555                                                                                                       | G36024289  | ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA SANTA EULALIA       | VIII FESTIVAL INTERCÉLTICO O SON DO PAZO                                                  | 7.881,63 €     |
| 2023017578                                                                                                       | G36511897  | M.N.M. -MOVETE NA MOTO-                             | L1-ORGANIZACIÓN DO CAMPIONATO DO MUNDO DE ENDURO 2023 - G.P. DE ESPAÑA 2023 EN LALÍN      | 13.494,18 €    |
| 2023025621                                                                                                       | G36043032  | CLUB NAVAL DE PONTEVEDRA                            | COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NÁUTICO (PIRAGÜISMO)                                       | 13.054,04 €    |
| 2023029129                                                                                                       | G36111300  | CLUB DE REMO ROBALEIRA                              | COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NÁUTICO (REMO)                                             | 7.364,32 €     |
| 2023028649                                                                                                       | G36029908  | C.KAYAK TUDENSE                                     | COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NÁUTICO (PIRAGÜISMO)                                       | 25.000,00 €    |
| 2023028652                                                                                                       | G36035202  | CLUBE PIRAGUISMO AS TORRES -CATOIRA-                | COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NÁUTICO (PIRAGÜISMO)                                       | 16.810,04 €    |
| 2023012967                                                                                                       | G36320729  | CLUBE BALONMÁN CAÑIZA                               | SUBVENCIÓN ÁMBITO ESTATAL (BALONMÁN)                                                      | 20.000,00 €    |
| 2023015941                                                                                                       | G36132553  | ESCUELA DEPORTIVA MUNICIPAL ESTRADENSE              | SUBVENCIÓN ÁMBITO ESTATAL (BALONCESTO)                                                    | 12.667,76 €    |
| 2023015666                                                                                                       | G36301794  | CLUB DE TAEKWONDO MACE-SPORT                        | SUBVENCIÓN ÁMBITO ESTATAL (OUTRAS MODALIDADES-TAEKWONDO)                                  | 6.465,31 €     |
| 2023028651                                                                                                       | G36042067  | CLUB PIRAGUISMO ILLA DE AROUSA                      | COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NÁUTICO (PIRAGÜISMO)                                       | 11.480,55 €    |
| 2023015442                                                                                                       | G36041994  | C.D. CHOCO - REDONDELA-                             | SUBVENCIÓN ÁMBITO ESTATAL (FÚTBOL)                                                        | 18.000,00 €    |





| <b>20 EXPEDIENTES SORTEO CONCORRENCIA COMPETITIVA (1 COHESIÓN, 3 CULTURA, 15 DEPORTES, 1 FOMENTO DE EMPREGO)</b> |            |                                                            |                                                     |                |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------|----------------|
| <b>EXPEDIENTE</b>                                                                                                | <b>NIF</b> | <b>TERCEIRO</b>                                            | <b>DETALLE</b>                                      | <b>IMPORTE</b> |
| 2023012234                                                                                                       | G27726835  | CLUB DEPORTIVO I E S CORUXO FÚTBOL SALA                    | SUBVENCIÓN ÁMBITO ESTATAL (FÚTBOL SALA)             | 8.000,00 €     |
| 2023026706                                                                                                       | G36015634  | CLUB MARÍTIMO DEPORTIVO E CULTURAL BREOGÁN DO GROVE        | COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NÁUTICO (PIRAGÜISMO) | 17.004,48 €    |
| 2023019419                                                                                                       | G36645398  | ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS                                      | L1-56 RALLYE RECALVI RÍAS BAIXAS                    | 13.494,18 €    |
| 2023014108                                                                                                       | G94085230  | LUCEROS                                                    | SUBVENCIÓN ÁMBITO ESTATAL (BALONMÁN)                | 15.000,00 €    |
| 2023015751                                                                                                       | G94077054  | ASOCIACIÓN RECREATIVA CICLISMO OIENSE                      | SUBVENCIÓN ÁMBITO ESTATAL (CICLISMO)                | 7.086,41 €     |
| 2023065224                                                                                                       | B94040524  | BATA SERVICIOS INTEGRALES A LA COMUNIDAD SOCIEDAD LIMITADA | SUBVENCIÓN CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO             | 6.500,00 €     |

Ademais completan a mostra, segundo o establecido no punto VI.1 do Plan de Control Financeiro, os seguintes expedientes:

| <b>10 EXPEDIENTES SUBVENCIONS NOMINATIVAS SUPERIORES A 35.000,00 €</b> |            |                                                         |                                                                                          |                |
|------------------------------------------------------------------------|------------|---------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------|----------------|
| <b>EXPEDIENTE</b>                                                      | <b>NIF</b> | <b>TERCEIRO</b>                                         | <b>DETALLE</b>                                                                           | <b>IMPORTE</b> |
| 2023022256                                                             | G10643922  | ASOC. AGROGANDEIRA E DE DESENVOLVEMENTO RURAL AGRO NOSO | DESENVOLVEMENTO DE NOVOS MODELOS DE XESTIÓN FORESTAL NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA          | 38.000,00 €    |
| 2023016058                                                             | G10644078  | ASOC. AGROGANDEIRA E DE DESENV. RURAL AGRORURAL         | DESENVOLVEMENTO DOS SISTEMAS DE “CERO EMISIÓN NETAS” NAS EXPLOTACIÓN AGROGANDEIRAS       | 38.600,00 €    |
| 2023024470                                                             | G70303219  | UNIÓN LEITEIRA GALEGA                                   | GRANXA VERDE                                                                             | 39.300,00 €    |
| 2023018784                                                             | G32115941  | CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE       | SERVIZO DE INTERMEDIACIÓN LABORAL PARA AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE. PROV. DE PONTEVEDRA | 40.000,00 €    |
| 2023004119                                                             | G36024164  | CLUB CISNE DE BALONMÁN                                  | GASTOS PARTICIPACIÓN EN COMPETICIÓN OFICIAIS                                             | 45.000,00 €    |



| 10 EXPEDIENTES SUBVENCIONS NOMINATIVAS SUPERIORES A 35.000,00 € |           |                                                                       |                                                                                                     |             |
|-----------------------------------------------------------------|-----------|-----------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------|
| EXPEDIENTE                                                      | NIF       | TERCEIRO                                                              | DETALLE                                                                                             | IMPORTE     |
| 2023005422                                                      | Q2818002D | AGENCIA ESTATAL<br>CONSEJO SUPERIOR DE<br>INVESTIGACIONES<br>CIENTIFI | DIVULGACIÓN DA<br>INVESTIGACIÓN<br>AGROFORESTAL NA<br>PROVINCIA DE<br>PONTEVEDRA                    | 50.000,00 € |
| 2023020835                                                      | G81845083 | FUNDACIÓN<br>ALTERNATIVAS                                             | SEMINARIO SOBRE O<br>PAPEL DA ECONOMÍA<br>AZUL NA TRANSICIÓN<br>ECOLÓXICA                           | 54.600,00 € |
| 2022045576                                                      | G36614774 | ASOC. INDUSTRIALES<br>METALÚRGICOS DE<br>GALICIA                      | PROGRAMA<br>TECNOLÓXICAS 2022-<br>2023                                                              | 54.841,00 € |
| 2023040710                                                      | Q8650002B | UNIVERSIDADE DE VIGO                                                  | CÁTEDRA DE<br>FEMINISMOS 4.0 DEPO-<br>UVIGO 2023                                                    | 65.000,00 € |
| 2023030762                                                      | Q8650002B | UNIVERSIDADE DE VIGO                                                  | REGULACIÓN DA<br>CONVOCATORIA DE<br>AXUDAS PARA O<br>DESENVOLVEMENTO<br>DE PROXECTOS<br>CIENTÍFICOS | 80.000,00 € |

| 17 EXPEDIENTES CORRESPONDENTES A SUBVENCIONS DO CAPT. VII SUPERIORES A 10.000,00 € |           |                                                        |                                                                                                |             |
|------------------------------------------------------------------------------------|-----------|--------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------|
| EXP.                                                                               | NIF       | TERCEIRO                                               | DETALLE                                                                                        | IMPORTE     |
| 2023013622                                                                         | F36100782 | COOP. DEL CAMPO O<br>RODO, S.C.L.                      | ADQUISICIÓN ROTOEMPACADORA-<br>ENCINTADORA                                                     | 29.833,72 € |
| 2023018608                                                                         | F36173599 | COOP. AGRÍCOLA DE<br>FORCAREI S.COOP.<br>GALEGA        | MAQUINARIA AGRÍCOLA,<br>EQUIPAMENTO E DOMOTIZACIÓN<br>ESTACIÓN DE SERVICIO.                    | 22.206,60 € |
| 2023018754                                                                         | F36188829 | APRODEZA<br>SOCIEDAD<br>COOPERATIVA<br>GALEGA          | CAMBIO CUBERTA NAVE DA<br>COOPERATIVA E ADQUISICIÓN<br>DUNHA TRITURADORA                       | 32.545,87 € |
| 2023019490                                                                         | F36211019 | COBIDEZA SDAD.<br>COOP.                                | INVESTIMENTO NA QUEIXERÍA                                                                      | 35.000,00 € |
| 2023019478                                                                         | F36334092 | XUNCOGA, S. COOP.<br>LTDA.                             | ERP SAP B.O. UNIFICACIÓN<br>PROGRAMAS INFORMÁTICOS<br>FORMULACIÓN-FABRICACIÓN-<br>GESTIÓN      | 29.833,72 € |
| 2023019476                                                                         | F36477354 | COOP. VITIVINÍCOLA<br>AROUSANA S. COOP.<br>GALEGA      | INVESTIMENTOS NO 2023 PARA A<br>MELLORA DE SERVIZOS QUE<br>PRESTA A COOPERATIVA                | 29.833,72 € |
| 2023018262                                                                         | G36012839 | COFRADIA DE<br>PESCADORES SAN<br>ROQUE -<br>PORTONOVO- | ADQUISICIÓN DE CAIXAS<br>REUTILIZABLES, PALETS, ESLINGAS<br>E PUNTALES                         | 10.271,60 € |
| 2023018176                                                                         | G36014389 | COFRADIA DE<br>PESCADORES SAN<br>JOSÉ DE CANGAS        | INSTALACIÓNS DE ALARMA DE<br>INCENDIOS, SISTEMA DE<br>VIDEOVIXILANCIA E<br>ADQUISICIÓNS VARIAS | 15.440,62 € |
| 2023018786                                                                         | G36014744 | COFRADÍA DE<br>PESCADORES SAN                          | ADQUISICIÓN DE FURGONETA                                                                       | 30.000,00 € |



| 17 EXPEDIENTES CORRESPONDENTES A SUBVENCIONS DO CAPT. VII SUPERIORES A 10.000,00 € |           |                                                                 |                                                                  |             |
|------------------------------------------------------------------------------------|-----------|-----------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------|-------------|
| EXP.                                                                               | NIF       | TERCEIRO                                                        | DETALLE                                                          | IMPORTE     |
|                                                                                    |           | MARTÍN DE EL GROVE                                              |                                                                  |             |
| 2023018207                                                                         | G36293272 | CONFRARÍA DE PESCADORES DE VILABOA PEDRA DA OLIVEIRA            | MELLORA AUTOCARGADOR DE ALGAS E CAIXAS E SACOS REUTILIZABLES     | 13.893,09 € |
| 2023023763                                                                         | G36204428 | ASOCIACIÓN GRUPO CULTURAL RONSEL                                | RECUPERACIÓN DA DORNA DE CONSTRUCCIÓN MIXTA "CAPITANA"           | 12.763,08 € |
| 2023023866                                                                         | G36307247 | AMIGOS DA DORNA DE PORTONOVO                                    | RECUPERACIÓN E MELLORA DA DORNA POLBEIRA "CONINHA"               | 10.427,53 € |
| 2023023874                                                                         | G36319721 | C. MARÍÑO SALNÉS                                                | RESTAURACIÓN DA DORNA DE TOPE "MULLER DE BALBOAS"                | 10.000,00 € |
| 2023023618                                                                         | G36447860 | ASOCIACIÓN CULTURAL DEPORTIVA E PRESTADORA DE SERVICIOS XUVE    | RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DA EMBARCACIÓN "ILLA DE CORTEGADA" | 11.954,02 € |
| 2023023698                                                                         | G36484392 | ASOC. CULTURAL, DEPORTIVA E PROMOTORA DE ACTIVIDADES XUVENIS F. | TRABALLOS DE MELLORA EN DORNA DE TOPE "LAVANQUEIRA"              | 10.823,13 € |
| 2023021825                                                                         | G36799351 | ASOCIACIÓN DE MARINEROS ARTESANALES Y DEPORTIVOS SAN MIGUEL     | TRABALLOS NA DORNA XEITEIRA "A FALUCHEIRA"                       | 13.520,65 € |
| 2023022230                                                                         | G94151446 | ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA VELA TRADICIONAL CAMBADOS       | RESTAURACIÓN DA DORNA DE TOPE "AIREXA"                           | 12.184,64 € |

#### 4. LEXISLACIÓN APLICABLE.

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.
- Normas de auditoría do sector público.
- Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades locais do Sector Público.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra. BOP nº 249 de 30 de decembro de 2016.
- Bases reguladoras do orzamento provincial de 2023.
- Bases das distintas convocatorias de subvencións aprobadas no exercicio 2023.



## 5. RESULTADOS DO TRABALLO REALIZADO.

O obxecto do presente informe é resumir as principais incidencias detectadas como consecuencia do desenvolvemento dos traballos de control financeiro, así como pór de manifesto algúns aspectos que se deberían ter en conta no desenvolvemento desta actividade de fomento. Para iso este apartado dividirémolo, por unha banda nas conclusións obtidas como consecuencia dos traballos de Control Financeiro e por outra cas conclusións obtidas dos traballos de actuación de comprobación do período de adscrición dos bens que foron subvencionados para a súa adquisición.

Finalmente, como consecuencia de os traballos, fanse unha serie de suxestións a ter en conta nas bases reguladoras de cada liña de subvencións, coa finalidade de emendar, na medida do posible, puntos débiles detectados no desenvolvemento de ambos os traballos e que se contrastaron no desenvolvemento do control financeiro.

### 5.1 RESULTADOS DO TRABALLO DE CONTROL FINANCEIRO.

O traballo realizouse, como en exercicios precedentes, dende as dependencias da Deputación sen desprazamentos aos domicilios sociais dos beneficiarios, e centrouse basicamente nos obxectivos detallados no punto 2 do presente informe.

Dos expedientes obxecto de Control Financeiro correspondentes a subvencións concedidas polo procedemento de concorrência competitiva se atopa en trámite de resolución un, en fase de tramitación da resolución definitiva de reintegro e sanción.

No transcurso dos traballos de control financeiro e por incidencias atopadas se amplían os traballos realizados en un expediente máis coa subvención concedida a Asociación Xuventudes Musicais Eixo Atlántico, exp. 2023014667, para o programa “Cultura a Mente” por importe de 1.884,39 €.

No traballo realizado, atopáronse incidencias en 18, que deron lugar a incoación de 17 expedientes de reintegro e 13 de sanción, o seu detalle é:

| BENEFICIARIO                                        | OBXECTO                                  | IMPORTE SUBVENCIÓN | SANCIÓN     | REINTEGRO   |
|-----------------------------------------------------|------------------------------------------|--------------------|-------------|-------------|
| ASOCIACIÓN XUVENTUDES MUSICAIS EIXO ATLÁNTICO       | 11º FESTIVAL IKFEM                       | 14.152,59 €        | 45,00 €     | 10.557,47 € |
| ASOCIACIÓN CULTURAL ASEMBLEA DA MOCIDADE DE VILABOA | CANTEIRAFEST 2023                        | 6.687,49 €         | 7.541,62 €  | 6.533,65 €  |
| ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA SANTA EULALIA       | VIII FESTIVAL INTERCÉLTICO O SON DO PAZO | 7.882,00 €         | -           | 287,10 €    |
| M.N.M. -MÓVETE NA MOTO-                             | L1-ORGANIZACIÓN DO CAMPIONATO DO MUNDO   | 13.622,35 €        | 11.660,62 € | 13.471,11 € |



| BENEFICIARIO                                        | OBXECTO                                                  | IMPORTE<br>SUBVENCIÓN | SANCIÓN    | REINTEGRO   |
|-----------------------------------------------------|----------------------------------------------------------|-----------------------|------------|-------------|
|                                                     | DE ENDURO 2023 - G.P. DE ESPAÑA 2023 EN LALÍN            |                       |            |             |
| CLUB NAVAL DE PONTEVEDRA                            | COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NÁUTICO (PIRAGÜISMO)      | 13.054,04 €           | 45,00 €    | 73,38 €     |
| CLUB DE REMO ROBALEIRA                              | COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NÁUTICO (REMO)            | 7.364,00 €            | -          | 5.021,34 €  |
| C.KAYAK TUDENSE                                     | COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NÁUTICO (PIRAGÜISMO)      | 25.000,00 €           | 45,00 €    | 8.006,39 €  |
| CLUB PIRAGUISMO AS TORRES - CATOIRA-                | COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NÁUTICO (PIRAGÜISMO)      | 16.810,00 €           | 45,00 €    | 670,73 €    |
| CLUBE BALONMÁN CAÑIZA                               | SUBVENCIÓN ÁMBITO ESTATAL (BALONMÁN)                     | 20.000,00 €           | 45,00 €    | -           |
| ESCUELA DEPORTIVA MUNICIPAL ESTRADENSE              | SUBVENCIÓN ÁMBITO ESTATAL (BALONCESTO)                   | 12.668,00 €           | 8.596,34 € | 4.298,17 €  |
| CLUB DE TAEKWONDO MACE-SPORT                        | SUBVENCIÓN ÁMBITO ESTATAL (OUTRAS MODALIDADES-TAEKWONDO) | 6.465,00 €            | -          | 379,59 €    |
| CLUB PIRAGUISMO ILLA DE AROUSA                      | COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NÁUTICO (PIRAGÜISMO)      | 11.480,55 €           | 1.561,27 € | 9.533,81 €  |
| C.D. CHOCO - REDONDELA-                             | SUBVENCIÓN ÁMBITO ESTATAL (FÚTBOL)                       | 18.000,00 €           | -          | 17.820,00 € |
| CLUB DEPORTIVO I E S CORUXO FÚTBOL SALA             | SUBVENCIÓN ÁMBITO ESTATAL (FÚTBOL SALA)                  | 8.000,00 €            | 75,00 €    | 3.267,71 €  |
| CLUB MARÍTIMO DEPORTIVO E CULTURAL BREOGÁN DO GROVE | COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NÁUTICO (PIRAGÜISMO)      | 17.004,00 €           | -          | 2.488,37 €  |
| ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS                               | L1-56 RALLYE RECALVI RÍAS BAIXAS                         | 13.494,18 €           | 2.657,60 € | 13.494,18 € |
| ASOCIACIÓN RECREATIVA CICLISMO OIENSE               | SUBVENCIÓN ÁMBITO ESTATAL (CICLISMO)                     | 7.086,00 €            | 45,00 €    | 5.002,90 €  |





| BENEFICIARIO                                           | OBXECTO         | IMPORTE<br>SUBVENCIÓN | SANCIÓN    | REINTEGRO  |
|--------------------------------------------------------|-----------------|-----------------------|------------|------------|
| ASOCIACIÓN<br>XUVENTUDES<br>MUSICAIS EIXO<br>ATLÁNTICO | CULTURA Á MENTE | 1.884,39 €            | 3.768,78 € | 1.884,39 € |

As incidencias fundamentais detectadas, e que se reiteran como en exercicios anteriores, son:

1. Concorrenza de ingresos que superan o custo da actividade subvencionada.
2. Erros na conta xustificativa, que inclúen gastos non subvencionables.
3. Inclusión de facturas empregadas para xustificar outras subvencións, atopándose un caso de duplicidade na xustificación de unha subvención concedida pola propia Deputación de Pontevedra, o que deu lugar a ampliación de traballos de control financeiro nun expediente máis.

Destacar tamén, que 3 dos expedientes obxecto de Control Financeiro obtiveron informe favorable por non atoparse ningunha incidencia significativa.

En referencia ós traballos de Control Financeiro feitos sobre 10 subvencións concedidas polos procedementos de concesión directa ou nominativa, derivado do seu análise foron detectadas diversas incidencias que deron lugar a 3 expedientes de reintegro e 3 de sanción, sendo o seu detalle:

| BENEFICIARIO                                                             | OBXECTO                                                                                              | IMPORTE     | SANCIÓN | REINTEGRO  |
|--------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------|---------|------------|
| CONFEDERACIÓN<br>GALEGA DE<br>PERSOAS CON<br>DISCAPACIDADE               | SERVIZO DE<br>INTERMEDIACIÓN LABORAL<br>PARA AS PERSOAS CON<br>DISCAPACIDADE. PROV. DE<br>PONTEVEDRA | 40.000,00 € | 45,00 € | 387,40 €   |
| CLUB CISNE DE<br>BALONMÁN                                                | GASTOS PARTICIPACIÓN EN<br>COMPETICIÓN OFICIAIS                                                      | 45.000,00 € | 45,00 € | -          |
| AGENCIA<br>ESTATAL CONSEJO<br>SUPERIOR DE<br>INVESTIGACIONES<br>CIENTIFI | DIVULGACIÓN DA<br>INVESTIGACIÓN<br>AGROFORESTAL NA<br>PROVINCIA DE<br>PONTEVEDRA                     | 50.000,00 € | 75,00 € | 7.875,56 € |
| FUNDACIÓN<br>ALTERNATIVAS                                                | SEMINARIO SOBRE O PAPEL<br>DA ECONOMÍA AZUL NA<br>TRANSICIÓN ECOLÓXICA                               | 54.600,00 € | -       | 7.318,01 € |

As incidencias fundamentais detectadas, son:

1. Exceso de custos imputados a actividade subvencionada, entre outros, os derivados dos custos indirectos.
2. Pagos realizados fóra dos prazos determinados nas Resolucións ou convenios de concesión das subvencións.
3. Concorrenza de ingresos que superan o custo da actividade subvencionada.



4. Falta de publicación na Base Nacional de Subvencións, os beneficiarios e importes concedidos.

Destacar tamén, que 8 dos expedientes obxecto de Control Financeiro obtiveron informe favorable por non atoparse ningunha incidencia significativa.

## 5.2 RESULTADOS DOS TRABALLOS DE CONTROL DE INVERSIÓN SUBVENCIONADAS.

Polo que se refire a actuación de comprobación do período de adscrición, os traballos consistiron en:

- O exame da conta xustificativa.
- A solicitude de remisión de todas as facturas que se reflicten na mesma.
- Solicitude dos xustificantes de pago de todas elas, ou copia compulsada.
- Información sobre outras axudas recibidas ca mesma finalidade co obxecto de cruzala ca que figura na conta xustificativa.
- Extracto bancario onde se reflictan os pagos e os ingresos relacionados ca subvención.
- Calquera outras comprobacións que resulten necesarias.

Ademais, co apoio do técnico-enxeñeiro de intervención, emitíuse informe sobre a comprobación in situ da adscrición dos bens á finalidade subvencionada.

Os expedientes analizados foron 17, deles 1 presentaron a renuncia en fase de xustificación, polo que non foi obxecto de traballo. Dos 16 restantes, soamente atopouse incidencia nun deles, que derivou nun expediente de reintegro como consecuencia dunha factura pagada fóra do prazo límite establecido nas bases reguladoras da subvención.

| BENEFICIARIO                 | OBXECTO                                            | IMPORTE     | SANCIÓN | REINTEGRO  |
|------------------------------|----------------------------------------------------|-------------|---------|------------|
| AMIGOS DA DORNA DE PORTONOVO | RECUPERACIÓN E MELLORA DA DORNA POLBEIRA "CONINHA" | 10.427,53 € | 0,00 €  | 1.600,00 € |

Destacar que ás subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra, son, con carácter xeral, asociacións que non teñen estrutura administrativa, nin dispoñen de libros contables, limitándose as operacións ós movementos do extracto bancario. Polo que a xustificación das subvencións resulta, nalgúns casos, de difícil cumprimento.

## 6. PROPOSTAS DE ACTUACIÓN E RECOMENDACIÓNS.

Basicamente reitéranse as de exercicios precedentes.

1. Excluir da mostra aqueles beneficiarios obxecto de control e que non tiveron incidencias no exercicio anterior.
2. Dada a experiencia dos Centros Xestores de subvencións polo trato máis directo cos beneficiarios das mesmas, propónse a inclusión directa no plan de traballo de aqueles expedientes que de forma motivada poidan ser propostos por eles, indicando os incumprimentos que, ao seu criterio, se puidesen producir. Asemade, de aqueles



expedientes respecto dos cales no proceso de fiscalización se detectasen aspectos que xustifiquen a inclusión no referido plan.

3. Dotar de máis persoal aos negociados de fiscalización, ou valorar a creación dun Negociado de Control Financeiro de Subvencións, que traballe permanentemente neste campo, e con vistas a súa inclusión nun Control Financeiro e Auditoría globais, acorde co novo enfoque de control financeiro que se deriva do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades locais do Sector Público.
4. Revisión da normativa propia en materia de subvencións (Ordenanza Xeral, Bases de execución) co obxecto de resolver de xeito expreso, deficiencias ou problemas de interpretación detectados en fase de fiscalización ou control financeiro de subvencións.
5. Incorporar ós modelos de convenios reguladores de subvención directas e nominativas os extremos recollidos no artigo 15.6 da OXSDEPPO. Ademais, tamén debe recollese a porcentaxe de desviación máxima dos diferentes conceptos da actividade subvencionada respecto ao orzamento inicial.
6. Proposta de mellora das bases reguladoras, convenios e/ou resolucións de concesión de subvencións:
  - Incluir referencia á prohibición legal de contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas coa entidade beneficiaria da subvención, ou con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias as que se refire o art. 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, salvo acreditación (respecto á persoas ou entidades vinculadas) da concorrencia dos requisitos esixidos no referido apartado.
  - Incluir a obriga, por parte da entidade beneficiaria, de dispoñer dalgún sistema de rexistro ou contabilización dos gastos e ingresos, nos que se poda identificar claramente aqueles gastos que son cofinanciados pola Deputación, e que son obxecto de control.
  - Engadir nos textos dos convenios os custos dos mesmos, sobre todo cando se utilice persoal propio, no que se deberá especificar as horas a imputar e custo das mesmas e non porcentaxes de nóminas.
  - Fixar claramente nos convenios os criterios de imputación e xustificación dos gastos ou custos indirectos.
  - Delimitar con claridade, no caso de subvencións de capital, a non inclusión de gastos que o propio beneficiario contabiliza como correntes.
  - Cando se trate de subvencións ao funcionamento dunha entidade impoñer a obriga de remitir o resultado económico, no caso de subvencionar algunha actividade concreta e a liquidación de ingresos e gastos da mesma.
  - En caso de non presentación da conta xustificativa en prazo deberá requirirse a achega no menor tempo posible. Se recomenda durante o proceso de xustificación apertura de exp. sancionador por infracción leve para incentivar o cumprimento da aportación da conta xustificativa en prazo.
  - Respecto dos requisitos esenciais que se esixirán no control financeiro (ó que se refire o apartado i) do artigo 15.6) da OXSDEPPO, sinalar que deberá facerse referencia ó recollido nos apartados 5 e 6 do artigo 31 da OXSDEPPO, indicando a data da súa publicación (BOPPO nº 249 de 30 de decembro de 2016) e, en concreto, recoller



expresamente que o pago de todas as facturas que figuren na conta xustificativa deberá efectuarse no prazo máximo de un mes dende a percepción dos fondos e realizarse preferentemente a través de entidades financeiras, sendo obrigatorio, en todo caso, cando o importe de cada factura supere os 900 € e que, no caso de non ter contabilidade fiable, só serán subvencionables os gastos que só se poidan acreditar mediante extractos bancarios (independentemente do importe dos mesmos).

- Todas as subvencións concedidas, incluídas as concedidas mediante convenio, serán publicadas tanto no BOPPO como na páxina WEB nada mais concederse. Asemade, debe remitirse información da mesma á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). Non obstante, non será necesaria a publicación da concesión nos supostos recollidos no artigo 12.3 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación (OXSDPEPO).
7. Introducir na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación criterios de gradación de posibles incumprimentos das condicións impostas con motivo da concesión das subvencións:
- Procederá a declaración de perda do dereito de cobramento da totalidade ou parte da subvención concedida e, se fose o caso, o reintegro das cantidades indebidas cobradas, cando a persoa beneficiaria modifique a actividade que se vaia desenvolver declarada na solicitude e na memoria do proxecto, sen contar coa previa aprobación por parte do órgano competente.
  - No caso de incumprir coa obriga relativa a comunicar a obtención doutras axudas no caso de que sexan incompatibles.
  - O incumprimento da obriga relativa a comunicar a obtención doutras axudas, no caso de que fosen compatibles.
  - O incumprimento do mantemento dun sistema de contabilidade separado ou unha codificación contable adecuada, dará lugar ao reintegro parcial dunha porcentaxe da axuda concedida.
  - O incumprimento das obrigas en materia de publicidade.
8. No caso de que a actividade subvencionada acade o 100% do custo da mesma, engadir ao expediente de tramitación un estudio de custos que xustifique que non resulta máis caro para a Deputación subvencionar a actividade que contratala polo procedemento oportuno.
9. Verificar a concesión de licenza, permisos ou autorizacións sectoriais de obras no caso que fose de aplicación, con posterioridade a declaración de tela solicitado.
10. Acreditar a situación económica dos beneficiarios cos que se propón a formalización de convenios de cara a asegurar a posibilidade financeira de afrontar os compromisos adquiridos.

## 7. ACCESO AOS INFORMES DEFINITIVOS.

O acceso aos informes definitivos de Control Financeiro se pode facer nos expedientes de Cívidas creados no seu día para a tramitación das subvenciones concedidas. Os número de expedientes se relacionan no anexo I a este informe.

## ANEXO I. DETALLE DE BENEFICIARIOS E NÚMERO DE EXPEDIENTE.



Control Financeiro de subvencións concedidas por concorrencia:

| EXP.<br>CIVIDAS | BENEFICIARIO                                        | OBJECTO                                                                                   | IMPORTE     | Nº Expdte.<br>C. F. |
|-----------------|-----------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------|-------------|---------------------|
| 2022068733      | SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL DE GALICIA              | PROMOVIDO EL EJERCICIO DEL DERECHO A LA ORGANIZACIÓN COMUNITARIA Y LA ALIMENTACIÓN DE LAS | 15.000,00 € | 1                   |
| 2023019504      | ASOCIACIÓN XUVENTUDES MUSICAIS EIXO ATLÁNTICO       | 11º FESTIVAL IKFEM                                                                        | 14.152,59 € | 2                   |
| 2023019446      | ASOCIACIÓN CULTURAL ASEMBLEA DA MOCIDADE DE VILABOA | CANTEIRAFEST 2023                                                                         | 6.687,49 €  | 3                   |
| 2023018555      | ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA SANTA EULALIA       | VIII FESTIVAL INTERCÉLTICO O SON DO PAZO                                                  | 7.882,00 €  | 4                   |
| 2023017578      | M.N.M. -MÓVETE NA MOTO-                             | L1-ORGANIZACIÓN DO CAMPIONATO DO MUNDO DE ENDURO 2023 - G.P. DE ESPAÑA 2023 EN LALÍN      | 13.622,35 € | 5                   |
| 2023025621      | CLUB NAVAL DE PONTEVEDRA                            | COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NÁUTICO (PIRAGÜISMO)                                       | 13.054,04 € | 6                   |
| 2023029129      | CLUB DE REMO ROBALEIRA                              | COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NÁUTICO (REMO)                                             | 7.364,00 €  | 7                   |
| 2023028649      | C.KAYAK TUDENSE                                     | COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NÁUTICO (PIRAGÜISMO)                                       | 25.000,00 € | 8                   |
| 2023028652      | CLUBE PIRAGUISMO AS TORRES - CATOIRA-               | COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NÁUTICO (PIRAGÜISMO)                                       | 16.810,00 € | 9                   |
| 2023012967      | CLUBE BALONMÁN CAÑIZA                               | SUBVENCIÓN ÁMBITO ESTATAL (BALONMÁN)                                                      | 20.000,00 € | 10                  |
| 2023015941      | ESCUELA DEPORTIVA MUNICIPAL ESTRADENSE              | SUBVENCIÓN ÁMBITO ESTATAL (BALONCESTO)                                                    | 12.668,00 € | 11                  |
| 2023015666      | CLUB DE TAEKWONDO MACE-SPORT                        | SUBVENCIÓN ÁMBITO ESTATAL (OUTRAS MODALIDADES-TAEKWONDO)                                  | 6.465,00 €  | 12                  |
| 2023028651      | CLUB PIRAGUISMO ILLA DE AROUSA                      | COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NÁUTICO (PIRAGÜISMO)                                       | 11.480,55 € | 13                  |
| 2023015442      | C.D. CHOCO - REDONDELA-                             | SUBVENCIÓN ÁMBITO ESTATAL (FÚTBOL)                                                        | 18.000,00 € | 14                  |
| 2023012234      | CLUB DEPORTIVO I E S CORUXO FÚTBOL SALA             | SUBVENCIÓN ÁMBITO ESTATAL (FÚTBOL SALA)                                                   | 8.000,00 €  | 15                  |
| 2023026706      | CLUB MARÍTIMO DEPORTIVO E CULTURAL                  | COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NÁUTICO (PIRAGÜISMO)                                       | 17.004,00 € | 16                  |



| EXP. CIVIDAS | BENEFICIARIO                                               | OBXECTO                                 | IMPORTE     | Nº Expdte. C. F. |
|--------------|------------------------------------------------------------|-----------------------------------------|-------------|------------------|
|              | BREOGÁN DO GROVE                                           |                                         |             |                  |
| 2023019419   | ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS                                      | L1-56 RALLYE RECALVI RÍAS BAIXAS        | 13.494,18 € | 17               |
| 2023014108   | LUCEROS                                                    | SUBVENCIÓN ÁMBITO ESTATAL (BALONMÁN)    | 15.000,00 € | 18               |
| 2023015751   | ASOCIACIÓN RECREATIVA CICLISMO OIENSE                      | SUBVENCIÓN ÁMBITO ESTATAL (CICLISMO)    | 7.086,00 €  | 19               |
| 2023065224   | BATA SERVICIOS INTEGRALES A LA COMUNIDAD SOCIEDAD LIMITADA | SUBVENCIÓN CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO | 6.500,00 €  | 20               |
| 2023014667   | ASOCIACIÓN XUVENTUDES MUSICAIS EIXO ATLÁNTICO              | CULTURA Á MENTE                         | 1.884,39 €  | 48               |

Control Financeiro de subvencións por concesión directa e nominativas:

| EXP. CIVIDAS | BENEFICIARIO                                                 | OBXECTO                                                                                  | IMPORTE     | Nº Expdte. C. F. |
|--------------|--------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------|-------------|------------------|
| 2023022256   | ASOC. AGROGANDEIRA E DE DESENVOLVEMENTO RURAL AGRO NOSO      | DESENVOLVEMENTO DE NOVOS MODELOS DE XESTIÓN FORESTAL NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA          | 38.000,00 € | 21               |
| 2023016058   | ASOC. AGROGANDEIRA E DE DESENV. RURAL AGRORURAL              | DESENVOLVEMENTO DOS SISTEMAS DE “CERO EMISIÓN NETAS” NAS EXPLOTACIÓN AGROGANDEIRAS       | 38.600,00 € | 22               |
| 2023024470   | UNIÓN LEITEIRA GALEGA                                        | GRANXA VERDE                                                                             | 39.300,00 € | 23               |
| 2023018784   | CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE            | SERVIZO DE INTERMEDIACIÓN LABORAL PARA AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE. PROV. DE PONTEVEDRA | 40.000,00 € | 24               |
| 2023004119   | CLUB CISNE DE BALONMÁN                                       | GASTOS PARTICIPACIÓN EN COMPETICIÓNS OFICIAIS                                            | 45.000,00 € | 25               |
| 2023005422   | AGENCIA ESTATAL CONSEJO SUPERIOR DE INVESTIGACIONES CIENTIFI | DIVULGACIÓN DA INVESTIGACIÓN AGROFORESTAL NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA                     | 50.000,00 € | 26               |
